

# Revista galega de **TRABALLO SOCIAL**

**fervenzas—25—**





Revista galega de  
**TRABALLO SOCIAL**

fervenzas—25—



**Xunta de Goberno**

Presidenta: Miriam Rodríguez Sierra  
Vicepresidenta: Ana María Vilar Varela  
Secretaria: Ana María Rodríguez Fernández  
Tesouraría: Antonio Doval Canabal  
Vogal: Pablo Antelo García  
Vogal: María Rosario Capelo Casas  
Vogal: Cristina Díaz Mira  
Vogal: Elena Gómez Fernández  
Vogal: Adriana Vieites Freire  
Vogal: Laura Zapata Criado

**Responsable da edición**

Miriam Rodríguez Sierra

**Coordinadora da edición**

Tamara Fernández Arias

**Mesa de redacción**

María Elena Puñal Romarís  
María Xosé Vázquez Vázquez  
Francisco Xabier Aguiar Fernández  
Ana María Rodríguez González  
Diana Morela Escobar Arias

**Edita**

Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia  
Rúa Dublín, 6, baixo, porta 3  
15707 Santiago de Compostela  
Teléfono: 981 56 81 00 I  
E-mail: fervezas@traballosocial.gal

**Data da Publicación**

xaneiro 2023

**Imprime e deseña**

Sacauntos Cooperativa Gráfica

**ISSN**

1698-5087

**ISSN electrónico**

2254-7657

**Dep. Legal**

C-1.884/97

Fervezas non se responsabiliza das opinións expresadas das/dos autoras/es, nin se identifica necesariamente cos contidos dos textos publicados.

# SUMARIO

## NÚMERO 25

LIMIAR.....7

### INVESTIGACIÓN

25 anos da *Revista Fervenzas*,  
unha análise retrospectiva.....15

### REPOSITORIO

Relación de artigos publicados en *Fervenzas*:  
*Revista Galega de Traballo Social*, do número  
0 (1997) ao número 24 (2022).....73

### ESPAZO ABERTO

Cara a un novo modelo de SS.SS. Para o s. XXI,  
que defende o traballo social  
*Ana María Vilar Varela* .....99



LIMIAR





Prezadas compañeiras/os:

Chega a vós o número vinte e cinco da revista galega de traballo social, *Fervenzas*, un número moi especial, xa que a nosa revista cumpre 25 anos de divulgación científica e profesional.

A celebración dos 25 anos de vida de *Fervenzas* merecía un agasallo para compartir entre toda a colexiación e coas persoas que se achegan ao Traballo Social. Por mor disto, a mesa de redacción actual considerou oportuno facer unha revisión histórica de todo o contido da Revista desde o número 0, que ve a luz no 1997, ata o último número editado no ano 2022. O resultado deste traballo de revisión preséntase no primeiro artigo deste número. O artigo parte dunha introdución e da explicación da estratexia metodolóxica levada a cabo, para pasar a presentar os resultados de análise realizada dos contidos de todas as seccións da Revista e do seu formato. Contén ademáis das conclusións, 10 retos para o futuro de *Fervenzas*, que a mesa de redacción propón como guía a seguir no seu futuro camiño. Pecha o artigo a listaxe de referencias, e os dous apéndice, nos que se inclúen as persoas que formaron parte de todas as mesas de redacción, e as que exerceron como responsables da publicación de cada número.

Feita a análise deste percorrido dos 25 anos de *Fervenzas*, e na procura de visibilizar todo o traballo feito, e o que queda por chegar, tocaba mirar tamén cara diante, e así naceu a proposta de facer un repositorio de todos os artigos publicados ata o momento, no que se irán engadindo os que se segan a publicar, e que ten como finalidade principal facilitar a súa busca, según a temática ou área de intervención. Neste número, preséntase este repositorio en forma de artigo, logo estará en formato dixital na páxina web do Colexio para cumprir a finalidade prevista e converterse nunha ferramenta de axuda de busca bibliográfica da Revista *Fervenzas*.

Por último, e a xeito de peche e para dirixir a nosa mirada ao futuro, preséntase o artigo *“Cara a un novo modelo de SS.SS. para o S.XXI, que defende o Traballo Social”* asinado pola Vicepresidenta do Colexio de Traballo Social de Galicia, Ana Vilar Varela. Con este artigo resúmese o camiño e duro traballo cara o deseño dun Modelo de Servizos Sociais, que nos situará ante un novo marco de referencia e que tamén propón unha carteira de prestacións, de servizos, de

carácter técnico, fundamentalmente, e onde ao diagnóstico social outórgaselle máis valor que nunca, avogando polo papel central que debe desenvolver como fío condutor do modelo, defendendo así mesmo, unha linguaxe común dentro do sistema público de servizos sociais, cun sistema de clasificación de diagnóstico propio e consensuado, que resulte de aplicación en todo o territorio.

**Concepción Rancaño Osorio, presidenta impulsora da revista galega de traballo social, *Fervenzas* no ano 1997:**

É para min unha ledicia e un orgullo poder escribir este cumial con motivo do 25 aniversario da revista galega de traballo social, *Fervenzas*.

Fun presidenta do colexio profesional, na lexislatura 1997-2001. Formaba parte dun equipo de compañeiras e compañeiros, á fronte do colexio, con moitos propósitos e ilusións. Eran tempos de expansión e crecemento para a nosa profesión e naquel intre pensamos que o noso colectivo en Galicia, adoeecía de ferramentas para ampliar coñecementos e experiencias profesionais. Deste xeito propuxémonos crear *Fervenzas*, unha revista galega do traballo social. Queríamos que fose unha publicación profesional, aberta, participativa, plural e dinámica; de contidos técnicos e especializados. Un foro para difusión dos coñecementos e as opinións, un espazo para a promoción e o fomento da investigación e a divulgación das experiencias profesionais e para a mellora da capacitación e o currículo profesional; a dispor de todo o noso colectivo.

Os inicios da revista foron difíciles. Tiñamos poucos medios técnicos e humanos pero moitas ganas e ilusións por sacala adiante. Recordo as dificultades para facer o primeiro número, a implicación de todos/as membros da Xunta de Goberno para acadar a súa edición, cunha mención especial ao esforzo persoal do Ignacio Crespo porque sen o seu traballo naqueles intres, dificilmente acadaríamos a publicación.

Pouco a pouco, fomos progresando para garantir a continuidade e a calidade da revista. Nesta tarefa debémoslle moito tamén a Andrés Hernández Mouriño, primeiro supervisor da edición de *Fervenzas* que colaborou activamente para manter a continuidade desta e crear un equipo técnico responsable da publicación de cada número. Agradecemento especial para todas e todos os membros do primeiro comité editorial, e as todos e todas os compañeiros e compañeiras que traballaron activamente para enchela de contidos, e acadar o obxectivo marcado dende o principio de publicar como mínimo un número anual.

## Miriam Rodríguez Sierra, actual presidenta do COTSG

Dende o século XX véñense publicando revistas de importante calado e interese profesional, así como a *Revista de Servicios Sociais e Política Social*, editada polo Consello Xeral de Traballo Social e cuxo número 0 corresponde ao ano 1984. Non era de estrañar, por tanto, que uns anos máis tarde o COTSG tamén optara por esta maneira de divulgación profesional e científica.

Pois ben, a necesidade de potenciar a parte investigadora e dotala de espazos de divulgación como o é a revista *Fervenzas* é case un imperativo profesional, ademais da xeración de novos coñecementos que sexan produto de procesos reflexivos que non se separen do rigor e da obxectividade científica. A investigación social é motor impulsor da planificación de políticas sociais, de melloras constantes na nosa praxe profesional e, por suposto, epicentro da innovación social.

A revista galega de traballo social *Fervenzas*, édítase dende o ano 1997 coa misión principal de seguir dándolle voz a todas e todos os profesionais do traballo social, vinculada en todo momento a importancia da investigación e a divulgación científica.

Trátase dunha revista que recolle a diversidade da nosa praxe profesional e a multitude de temas tratados dende diferentes niveis de análise, artigos científicos, investigacións, entrevistas, recensións bibliográficas e artigos sobre diferentes entidades da contorna galega que durante anos reflectiron a nosa realidade social.

Sen dúbida algunha, é de rigor unha actualización en consonancia cos retos e cambios actuais adaptando a nosa revista aos costumes contemporáneos, continuando así coa súa esencia e achegándoa a máis persoas. Por unha banda, ante a vertixinosa evolución tecnolóxica apostamos pola creación dun formato dixital, e por outra banda, pola tradución lingüística simultánea máis a abordaxe dunha nova imaxe profesional e científica, dándolles prioridade aos obxectivos cos que naceu esta revista profesional: apertura, pluralidade e dinamismo.

En virtude do exposto, facemos unha parada para botar a vista atrás, e dende a mesa de redacción de *Fervenzas* agasállannos con este novo número que recolle o resumo do coñecemento e saber científico compartido pola profesión

durante estes anos. Trátase, ademais, dunha homenaxe a todas aquelas profesionais que formaron parte das distintas mesas de redacción e que co seu traballo e dedicación perpetuaron esta gran xoia e orgullo colexial que é *FERVENZAS*, a nosa revista profesional.



25 ANOS DA REVISTA  
*FERVENZAS*: UNHA  
ANÁLISE RETROSPECTIVA





## **Introdución**

### **1. Estratexia metodolóxica**

#### **1. 1 Tipo de revisión**

#### **1. 2. Obxectivos**

##### 1.2.1 Xerais

##### 1.2.2 Específicos

#### **1.3. Criterios de selección e estratexia de busca**

#### **1.4. Procedemento de recollida e tratamento de datos**

#### **1.5. Aspectos éticos e legais**

### **2. Análise de resultados**

#### **2. 1. Percorrido histórico por *Fervenzas***

#### **2. 2. Novo formato da revista e cambios no contido**

#### **2. 3. As normas de publicación**

#### **2. 4. As persoas colexiadas toman a palabra**

#### **2. 5. Menos papel e aposta pola difusión dixital**

#### **2. 6. Análise de contido da publicación**

##### 2. 6. 1. Que podemos atopar publicado en *Fervenzas*

##### 2. 6. 2. Quen publicou artigos en *Fervenzas*

##### 2. 6. 3. Sobre que se escribiu nos artigos publicados

##### 2. 6. 4. Análise cronolóxica dos artigos publicados.

### **3. Conclusións e retos**

## **Referencias**

## **Apéndices**

Mesa de redacción de *Fervenzas*:

## 25 ANOS DA REVISTA *FERVENZAS*: UNHA ANÁLISE RETROSPECTIVA

Mesa de redacción de *Fervenzas*:

*M.ª Xosé Vázquez Vázquez*

*M.ª Elena Puñal Romarís*

*Francisco Xabier Aguiar Fernández*

*Ana María Rodríguez González*

*Diana Morela Escobar Arias*

### RESUMO

Cumpridos 25 anos de edición da revista galega de traballo social, *Fervenzas*, parécenos acaído un traballo que bote a mirada ao percorrido realizado ata aquí. Este traballo consiste nunha revisión histórica do contido da revista, no que se realiza unha análise bibliométrica. Ten como obxectivos, visibilizar este percorrido e analizar a traxectoria da súa publicación dende a súa creación, no ano 1997, ata a actualidade, e entre as principais conclusións cabe sinalar a pluralidade presente nas disciplinas das persoas autoras, así como, nos ámbitos de referencia nos que se encadran os temas tratados.

### PALABRAS CHAVE

*Fervenzas*, revista de traballo social, publicación científica, revisión, análise bibliométrica.

## RESUMEN

Cumplidos 25 años de la publicación de la Revista Galega de Traballo Social, *Fervenzas*, creemos oportuno un trabajo que eche la mirada al recorrido realizado hasta aquí. Este trabajo consiste en una revisión histórica del contenido de la Revista, en el que se realiza un análisis bibliométrico. Tiene como objetivos, visibilizar este recorrido y analizar la trayectoria de su publicación desde su creación, en el año 1997, hasta la actualidad, y entre las principales conclusiones, cabe señalar la pluralidad presente en las disciplinas de las personas autoras, así como en las áreas de referencia en las que se enmarcan los temas abordados.

## PALABRAS LLAVE

*Fervenzas*, revista de trabajo social, publicación científica, revisión, análisis bibliométrico.

## ABSTRACT

Twenty-five years after the publication of the Galician Social Work Journal, *Fervenzas*, we believe it is appropriate to carry out a review that takes a look at the progress made so far. This work consists of a historical review of the content of the Journal, in which a bibliometric analysis is carried out. Its aims are to make the progress of the journey visible and to analyze the trajectory of its publication since its creation, in 1997, to the present. Among the main conclusions, It is worth pointing out the existing diversity within the disciplines of the authors as well as in the reference areas in which the topics tackled are framed.

## KEYWORDS

*Fervenzas*, journal of social work, scientific publication, review, bibliometric analysis.

## Introdución

A transferencia social do coñecemento é de gran relevancia para a disciplina de Traballo Social. Segundo o exposto por Jara (2019), escribir e dar a coñecer as experiencias dos procesos cos que traballamos, permite non só informar senón tamén, transformar e enriquecer os devanditos procesos.

O propio Código deontolóxico de traballo social (CGTS, 2012) recolle no seu artigo 26 “O/a profesional do traballo social promove o intercambio de coñecementos, experiencias e ideas cos/as colegas e profesionais doutras disciplinas co fin de enriquecerse mutuamente e mellorar a intervención social.”

Durante estes 25 anos, *Fervenzas* converteuse nun repositorio documental importante do que as e os profesionais do traballo social vimos facendo no noso territorio, así como do que investigamos, das nosas reflexións e propostas, unha canle de comunicación que nos conecta dende Valdoviño a Verín, e dende Becerreá a Rianxo. Esa era a intención que manifestaba Concepción Rancaño, a presidenta do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (en adiante COTSG), na primeira editorial da revista do número 0, e que reflicte a *visión* que planeaba naquela idea xerminal.

Nun sentido formal, a día de hoxe poderíamos declarar que a *misión* de *Fervenzas* é a de contribuír á difusión do coñecemento reflexivo e crítico, así como, de temas de interese para as e os profesionais do traballo social de Galicia, a través da publicación de artigos e contidos científicos e divulgativos. É facelo ademais, tendo presentes unha serie de *valores* que guiaron e guían o devir da revista: a liberdade, o respecto, a pluralidade, a participación, a transparencia, a divulgación científica, o compromiso e a identidade galega. Á súa vez, o cumprimento da normativa de propiedade intelectual, obsérvase en todo momento, e especialmente, no relativo aos dereitos de autoría.

Se botamos unha mirada cara atrás e facemos un relato exhaustivo, atopámonos con que ao longo destes 25 números, dous deles dobres, e máis de 3.800 páxinas, na revista publicáronse un total de 165 artigos. Á súa vez, incluíronse 21 comunicacións e relatorios de xornadas organizadas polo COTSG; 20 traballos premiados e presentados nas distintas seccións dos premios convocados con ocasión do Día Mundial do Traballo Social; 27 comentarios de publicacións; 29 presentacións na sección *En Rede*, de entidades, proxectos e servizos; 17 entrevistas a un variado feixe de profesionais; 13 achegas na sección *Espazo aberto* e 13 fichas de investigación social. Todo isto, froito do traballo de todas aquelas e aqueles profesionais que tiveron a ben facer público o seu traballo, e dun esforzo de revisión realizado polas persoas que formamos parte da Mesa de redacción dende 1997.

De todo este material, vimos acaído facer unha sorte de “metarreflexión” que trouxera á luz aspectos da revista que resultaran de interese, extraer información e facer unha análise que debullara o seu contido dende outros parámetros, que nos permitira mostralos cara a fóra, e que foran enriquecedores para todas e todos aqueles aos que puidera interesar, así como para nós, como responsables da publicación<sup>1</sup>.

Polo tanto, presentamos neste artigo os resultados desa revisión feita ao longo dos últimos meses polos actuais cinco membros da Mesa de redacción co obxecto da súa difusión e de albiscar novos retos e camiños para outros vinte e cinco anos de *Fervenzas*.

## 1. ESTRATEXIA METODOLÓXICA

### 1.1. Tipo de revisión

Estudo descritivo e exploratorio, no que se leva a cabo unha análise bibliométrica, que pretende analizar o percorrido e contido de publicación da revista galega de traballo social, *Fervenzas*. Especificamente falamos, dunha revisión de tipo histórica (Ferrari, 2015), dado que se centra en recoller o desenvolvemento que durante estes 25 anos tivo a revista.

### 1. 2. Obxectivos

#### 1.2.1 Obxectivos xerais

- **Visibilizar o percorrido histórico dos 25 años da revista galega de traballo social, *Fervenzas*.**
- **Analizar a traxectoria de publicación da revista con respecto aos contidos publicados.**

---

1 Antes de continuar, queremos aclarar que as persoas autoras deste traballo, tomamos a decisión de substituír algunhas expresións orixinais non inclusivas polas consideradas dende a perspectiva actual máis axeitadas para a reivindicación dunha linguaxe inclusiva, que leva tempo sendo tamén un dos criterios a seguir para a aceptación dos artigos e outras seccións, o que non ocorría nos primeiros números da revista.

### 1.2.2. Obxectivos específicos

- Recoñecer os principais obxectivos e estratexias que orixinaron a creación da revista *Fervenzas*.
- Revisar os contidos das seccións da revista: artigos, *En Rede*, entrevistas, recensións de publicacións, fichas de investigación social e *Espazo aberto*.
- Describir a/s autoría/as do publicado na sección de artigos: número de persoas autoras, sexo e disciplina.
- Describir a interdisciplinabilidade dos artigos publicados.
- Indagar os ámbitos de referencia dos artigos.

### 1.3 Criterios de selección e estratexia de busca<sup>2</sup>

Para facer a análise do percorrido e o contido de publicación da revista tivéronse en conta todos os exemplares e textos publicados na revista dende o número 0, do ano 1997, ata o número 24, do ano 2022.

Os datos foron recollidos durante os meses de xullo, agosto e setembro de 2022. Analizáronse os 25 números editados, que suman un total de 27 exemplares, pois dous dos números foron dobres.

A observación documental empregouse con todos os exemplares, tendo en conta indicadores de produción e estatística descritiva (Sánchez e Blanco, 2016), nas seis seccións nas que se atopa organizada a revista. A continuación preséntase a cantidade de contido revisado en cada unha delas:

1. Artigos (N= 206)
2. *En Rede* (N= 29)
3. Entrevistas (N= 17)
4. Recensións de publicacións (N= 27)
5. Fichas de investigación social (N= 13)
6. *Espazo aberto* (N= 13)

---

2 Dada a configuración deste traballo de revisión, a estratexia de busca resolveuse facilmente, posto que se analizaron todos os exemplares da revista, así como, todos os contidos publicados nela, polo que non foi necesario formular criterios de inclusión e exclusión.

## 1.4. Procedemento de recollida e tratamento de datos.

Analizouse o contido dos 27 exemplares da revista nas súas respectivas seccións, observando nos índices, títulos, resumos e en xeral en todo o contido, información sobresaínte en relación ás seguintes variables bibliométricas: sección onde se sitúa a publicación, ano, número da revista, tema abordado e nome das persoas autoras. No caso específico da sección 1 "Artigos", tívoise en conta:

- A procedencia do artigo
- O número de persoas autoras
- Sexo das persoas autoras e da primeira autoría
- Disciplina das persoas autoras e da primeira autoría
- Ámbito de referencia dos artigos

Para a organización do tratamento e posterior análise dos datos acudíuse ao programa Microsoft Excel® e á 8.ª versión do programa de análise cualitativa Atlas Ti®.

## 1.5. Aspectos éticos e legais

En canto aos aspectos éticos, tomouse como referencia fundamental o Código deontolóxico do traballo social (Consello Xeral do Traballo Social, 2012), que recolle os principios que guían a actuación profesional. Neste sentido, a intención deste estudo é a de poñer en valor e recoñecer o traballo e esforzo de todas as persoas que contribuíron ao desenvolvemento da revista.

Por outra parte, debe sinalarse o relativo á normativa de propiedade intelectual, que se observa rigorosamente en toda a análise realizada, fundamentalmente no recoñecemento da súa autoría. Os textos legais básicos de referencia son:

- A Directiva 2001/29/CE sobre os dereitos de autor e dereitos afíns na sociedade da información



- Real decreto legislativo 1/1996, polo que se aproba o texto refundido da Lei de propiedade intelectual. Reformado posteriormente nos anos 2006, 2014 e 2019.

Para finalizar, cómpre mencionar a última versión do *Manual de publicacións* da American Psychological Association (2021) que se empregou como guía para a presentación deste traballo.

## 2. ANÁLISE DE RESULTADOS

### 2.1. Percorrido histórico por *Fervenzas*

Para comezar esta revisión da revista galega de traballo social, partir do primeiro exemplar foi unha elección clara. No ano 1997 arranca *Fervenzas*, 13 anos despois da *Revista de Servizos Sociais e Política Social*, que nacera en 1984, e que pode ser considerada a publicación de referencia da profesión a nivel do Estado español. Para o colectivo profesional do traballo social en Galicia, *Fervenzas* convértese no noso referente inmediato.

Na editorial do número 0, atopamos a explicación do nome da revista *Fervenzas*, e a intención de cubrir un espazo ata o momento baleiro de difusión profesional do traballo social en Galicia:

Unha fervenza é para un río unha dificultade á que enfrontarse, que rompe coa rutina do decorrer da auga e o fai espertar e ruxir con forza, para seguir con novos bríos. Por similitude, a revista que se presenta, trae sons de frescura, pluralidade e participación.

A revista está pensada para que as traballadoras e os traballadores sociais atopemos nela unha canle aberta e democrática, de expresión, de comunicación, contraste de opinións e divulgación científica (Colexio de Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia, 1997, p. 3).

**Figura 1**  
*Portada do número 0*



*Nota: Colexio de Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia. (1997). Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 0.*

Nese percorrido de 25 anos, a propia configuración e estrutura da revista mudou engadindo novas seccións e outros aspectos máis formais, como non podía ser doutra maneira. Xa naquela primeira editorial maniféstase que a configuración da revista que acaba de nacer "está aberta e disposta a modificarse en función das

vosas peticións e propostas" (Colexio de Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia, 1997, p. 3).

En 1999 tómasse a decisión de constituír unha mesa de redacción "integrada por cinco ou seis persoas que, coordinadas polo actual responsable, se dedicarán a seleccionar os artigos para publicar, ademais de tentar dinamizar o colectivo, buscando unha maior actividade por parte de toda a profesión" (Colexio de Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia, 1999, p. 3).

No ano 2000, co número 3 da revista estréase esa primeira mesa de redacción coordinada polo responsable da publicación, Ignacio Crespo López. As persoas que integraban esta primeira mesa foron Andrés Hernández Mouriño, Eladio de Vicente Fernández, Lourdes Besada Agra, Ana Méndez Fernández, Raquel López Doce e M.<sup>a</sup> Xosé Vázquez Vázquez.

Ao longo destes anos foron moitas as persoas que formaron parte desta (para ver a desagregación das persoas compoñentes da mesa de redacción ao longo de todos os números consultar Apéndice 1) procurando sempre que houbera representación territorial das catro provincias galegas, da Escola Universitaria de Traballo Social da Universidade de Santiago de Compostela e da Área de Traballo Social e Servizos Sociais da Facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo.

As persoas que foron responsables da publicación formaban parte da Xunta de Goberno, e dende o 2014, é a persoa que ten o cargo de presidenta do COTSG. Marta Capeáns Outeiro, foi a responsable de catro números publicados dende o 2014 ao 2016, e Miriam Rodríguez Sierra, de cinco números, dende o 2018 ata a actualidade, (no Apéndice 2, figuran todas as persoas que foron responsables da publicación ata o momento actual).

Ademais, dende o ano 2009, cóntase cunha persoa como coordinadora da edición. Ana Fungueiriño Carneiro, exerce esta función de coordinación dende ese ano ata o 2022, no que pasa a desempeñala Tamara Fernández Arias.

## 2.2. Novo formato da revista e cambios no contido

Na procura de enriquecer o contido da publicación e facela máis atraínte para as persoas colexiadas, no ano 2003, co número 7, deséñase unha configuración da revista con novas seccións. Ademais da dedicada aos artigos, créanse novos espazos: *En Rede*, coa intención de dar a coñecer e divulgar equipamentos, servizos, entidades públicas ou privadas, asociacións, programas do noso territorio; inclúese unha sección na que se lles realiza unha entrevista a persoas

ou profesionais que poden, pola súa traxectoria, coñecementos ou experiencia, facer achegas interesantes para a profesión en temas de interese, e engádesse unha sección con “Recensións de publicacións” no que se presentan análises críticas de publicacións de interese. Posteriormente no 2007, co número 10, engádesse a sección *Espazo aberto*, onde a intención da Mesa de redacción era incluír pequenas pílulas con comentarios de documentais, filmes, páxinas web, novas relevantes para o traballo social, entre outros.

E finalmente no ano 2010 co número 13, inclúese na revista un novo apartado denominado “Fichas de investigación social”. Unha nova sección que nos enche de satisfacción e grande orgullo, dedicada á presentación das teses de doutoramento das compañeiras e compañeiros que dan o paso de avanzar no currículo universitario da nosa disciplina e que, sen dúbida, supón un salto de calidade importante no ámbito da investigación en traballo social en Galicia. A tese de doutoramento de Teresa Facal Fondo, *A reinserción social no ámbito penitenciario* (2003), é a primeira da que se expón a ficha resumo. Dende entón presentáronse 12 teses de doutoramento e un proxecto de investigación de convocatoria pública. Deste xeito, queda configurada a actual estrutura da revista, tal e como se reflicte na seguinte figura.

**Figura 2**  
**Seccións da revista**

<b>ARTIGOS</b> Investigacións, experiencias profesionais, análises teóricas, metodolóxicas e técnicas, etc.	<b>RECENSIÓN DE PUBLICACIÓNS</b> Comprende comentarios e opinións críticas de libros, revistas, coleccións editoriais... En definitiva, de calquera fonte documental de interese para o Traballo Social.
<b>EN REDE</b> Presentación descritiva dun equipamento, programa, servizo, asociación, etc.	<b>ESPAZO ABERTO</b> Comentarios de documentais, filmes, páxinas web, noticias de especial interese para o Traballo Social, etc.
<b>ENTREVISTA</b> Entrevista a persoeiros de especial interese para o Traballo Social.	<b>FICHA DE INVESTIGACIÓN SOCIAL</b> Fichas-resumo de teses ou tesañas.

Nota. COTSG. (2022). *Seccións da revista*. <https://traballsocial.gal/revista-fervenzas/>

No ano 2015, co gallo da celebración do Día Mundial do Traballo Social o COTSG fai a primeira convocatoria dos Premios de investigación e boas prácticas. Os traballos premiados, así como outros presentados, son publicados en *Fervenzas* dende esa data.

Outro aspecto que cómpre sinalar é a intención que no seu día se barallou de dedicar periodicamente números monográficos a temas que puidera ser de interese para a profesión. Así se fai co número 9, monográfico dedicado á inmigración, co número 11 dedicado á violencia de xénero e co número 20, no que se edita un segundo volume que recolle os relatorios e as comunicacións das *II Xornadas de Traballo Social e Saúde* realizadas o ano anterior na cidade de Vigo. Se ben sempre se considerou que dedicar monográficos a temas de interese para a profesión podía ser algo enriquecedor, as dificultades para poder dispor de material suficiente e cos prazos que marca o propio proceso de publicación impediron facelo con maior frecuencia nestes anos, porén a intención segue estando presente e agardamos que se poidan publicar nos vindeiros anos novos números que profunden especificamente en temas ou ámbitos de interese.

Coa intención de promover a difusión de reflexións sobre a nosa profesión que se fan alén do noso territorio, *Fervenzas* publicou por primeira vez no seu número 6 artigos non orixinais que xa viran a luz noutras revistas de traballo social do Estado, e que coas autorizacións pertinentes son reproducidos e traducidos ao galego para achegalos á nosa colexiación e conseguir unha maior difusión destes textos polo seu alto interese.

### 2.3. As normas de publicación

Máis alá do contido, non cabe dúbida que na busca duns niveis óptimos de calidade, os aspectos formais tamén deben estar presentes en calquera publicación e que estes guiarán as autoras e autores que desexen ver publicados os seus traballos. É por isto que no ano 2003, co número 7, se publican na revista as condicións para cumprir para a presentación de artigos, condicións que se manteñen ata o número 9, do ano 2006. Dende entón, mudaron en diferentes momentos, especialmente no relativo á presentación das referencias das fontes documentais empregadas, á forma de citar as fontes e ás representacións gráficas.

No número 10 do ano 2007, denomínanse por primeira vez como "Normas de publicación". Esta versión foi ampliada no número 14 do ano 2012, e no 16 de 2014. Para a súa elaboración tense como referencia o *Manual de Publicacións da American Psychological Association*, (APA). Na actualidade adaptáronse á versión traducida no ano 2021, que é a 4.<sup>a</sup> edición traducida da 7.<sup>a</sup> en inglés que foi editada por El Manual Moderno.

As normas de publicación figuraron nos exemplares das revistas ata o número 20 do ano 2018. Dende o seguinte número, están dispoñibles, en aberto, na sección dedicada á revista na páxina oficial do COTSG, por mor de dispoñer de máis espazo para a publicación dos diferentes contidos, tendo en conta a edición en soporte papel.

### Figura 3

#### Acceso ás normas de publicación



Nota. COTSG. (2022). *Normas de publicación*. <https://traballosocial.gal/revista-fervenzas/>  
Enlace web: <https://traballosocial.gal/publicacions-cots/fervenzas/>

## 2.4. As persoas colexiadas toman a palabra

Con 8 anos de andadura considerouse oportuno darlle a palabra a toda a colexiación, polo que co número 8 da revista, do ano 2005, enviábase un cuestionario de avaliación sobre a revista, para coñecer a opinión sobre o seu formato e contidos.

Os resultados desta enquisa, na que participaron 49 persoas, son presentados no seguinte número (n.º 9 do 2006). Nela analizábase a opinión da colexiación sobre o formato da revista, os temas e a calidade dos artigos publicados, así como as súas preferencias en canto artigos de carácter teórico ou práctico e a utilidade que percibían destes. Ademais, tamén se indagaba sobre a periodicidade da revista, coa aposta por colaboracións de autores e autoras de fóra de Galicia e/ou pertencentes a outras disciplinas. Finalmente, recollíanse os motivos polos que as persoas que

responderon a enquisa aínda non se animaran a colaborar cos seus artigos así como outros comentarios e suxestións que quixeran expresar.

Os resultados máis destacables apoiaron o traballo feito ata o momento e reforzaron as liñas de actuación que estaban a xurdir.

### Táboa 1

*Medias das respostas á enquisa e valores da moda correspondentes*

Preguntas	Media (Valor máis baixo 1 – 5 valor máis alto)	Valor ou categoría da moda (resposta máis elixida)
Os temas publicados ata agora parécenme, en xeral, de interese	4,06	4
Os artigos resúltanme útiles para a miña práctica profesional	3,57	4
Gustaríame que se engadisen máis artigos de carácter teórico	3,61	3
Gustaríame que se engadisen máis artigos sobre experiencias profesionais	4,38	5
A calidade dos artigos en termos globais paréceme axeitada	3,87	4
O deseño da revista paréceme atractivo	3,97	4
O tamaño da revista paréceme axeitado	4,18	5 / 4
A revista resúltame cómoda de manexar	4,37	5
Estou de acordo en que colaboren persoas de fóra de Galicia e doutras disciplinas do ámbito social	4,16	5

*Nota.* Mesa de redacción de Fervenzas. (2005). Resultados da enquisa dirixida á colexiación sobre a revista galega de traballo social Fervenzas, *Fervenzas*, 9, 183-192.

O interese dos temas abordados nos artigos; que se publiquen máis experiencias profesionais; o tamaño e comodidade da revista e participación de persoas de fóra de Galicia, acadan os valores medios máis altos, e superiores a 4 sobre 5. A media global de todos os resultados é de 4,01. Valor que se considera satisfactorio, e como se comentaba anteriormente, avala o traballo que se viña desenvolvendo na revista.

## 2.5. Menos papel e aposta pola difusión dixital

Tendo en conta o impacto e expansión do mundo virtual en todos os espazos das nosas vidas, que comportou cambios na forma habitual de lectura, e por outra parte, conscientes da transformación que estaban a vivir as publicacións periódicas, no ano 2012, tómase a decisión, fundamentada en criterios de eficiencia, de editar menos exemplares en soporte papel e apostar pola difusión dixital da revista.

A partir do número 14 déixase de remitir a revista en formato papel a todas as persoas colexiadas tal e como se viña facendo dende os seus inicios, pasando a publicarse en formato dixital na páxina web do COTSG, e editando só un número reducido de exemplares en formato papel que permitira a súa distribución a colexios profesionais doutras comunidades autónomas, universidades, organismos, etc. e a aquelas compañeiras e compañeiros que o solicitaran.

Sinalar que dende o ano 2013 a revista está incluída en DIALNET, portal bibliográfico interdisciplinar de difusión da produción científica hispana, empregado na busca de publicacións en formato electrónico que cumpran cuns criterios de calidade. Actualmente atópanse referenciados todos os números dende o número 3, do ano 2000, e en acceso aberto todos os artigos publicados dende o número 14, do ano 2012.



**Figura 4**  
*Revista galega de traballo social Fervenzas en Dialnet.*

**Revista galega de traballo social "Fervenzas"**

ISSN: 1698-5087  
 Inicio: 1998  
 ISSN-e: 2254-7657  
 Inicio: 2012  
 Periodicidad: Semestral  
 País: España  
 Idioma: gallego  
 Página web de la revista <sup>↗</sup>  
 Normas de publicación  
 Índice de autores  
 e-Dialnet

Fervenzas é a revista galega de Traballo Social que acepta, para a súa difusión, traballos orixinais e inéditos de interese para a disciplina e para esta profesión en Galicia.

**Editores**  
 Colegio Oficial de Diplomados en Trabajo Social y Asistentes Sociales de Galicia

**Clasificación**  
 Ciencias sociais: Sociología. Población. Trabajo social

**IDR. Dialnet Métricas**  
 Impacto 2021 0,000  
 TRABAJO SOCIAL 2021 43 / 51

**Otros catálogos**  
 Red de Bibliotecas Universitarias (REBIUN) <sup>↗</sup>

**Sumarios de la revista**

2022	24
2021	23
2020	22
2019	21
2018	20 (1) 20 (2)
2016	19
2015	17 18 (1) 18 (2)
2014	16
2013	15
2012	14
2010	13
2009	12
2008	11
2007	10
2006	9
2005	8
2003	7
2001	4 5 6
2000	3

Accesibles Alqjados

Identificarse  
 ¿Olvidó su contraseña?

¿Es nuevo? **Regístrate**  
 Ventajas de registrarse

Dialnet *plus*

Facebook  
 Twitter

Sugerencia / Errata

Nota. Dialnet. (2022). *Revista galega de traballo social Fervenzas*.  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/revista?codigo=17876>

Neste sentido un dos aspectos que é preciso mencionar é o baixo impacto da revista a nivel dixital, eiva que, sen dúbida, será preciso superar con novas estratexias de difusión dentro do universo dixital.

## 2.6. Análise de contido da publicación

### 2.6.1. Que podemos atopar publicado en Fervenzas?

Achegarse aos vinte e cinco números da revista é un exercicio de memoria histórica, unha sorte de viaxe no tempo por moitos temas de interese para os e as traballadoras sociais de Galicia dende aquel número cero de 1997. Como xa mencionabamos na introdución a este artigo, un total de 305 publicacións conforman o contido dos números editados que se distribúen nas actuais seis seccións de *Fervenzas* segundo pode verse na seguinte táboa.

## Táboa 2

*Síntese do contido de todos os números editados*

Seccións		N
Artigos		206
<i>Artigos aceptados para a súa publicación</i>	165	
<i>Comunicación xornadas</i>	21	
<i>Premios Día Mundial do Traballo Social</i>	20	
<i>En rede</i>		29
Entrevistas		17
Recensións de publicacións		27
Fichas de investigación social		13
<i>Espazo aberto</i>		13

### ***Artigos publicados***

Máis de tres cuartas partes do contido dos artigos publicados, foron enviados por iniciativa propia ou a proposta da Mesa de redacción (80,1 %). Sumados aos procedentes de comunicacións presentadas en xornadas e aos premios de investigación e boas prácticas, fan un total de 206 publicacións, artigos que na súa gran maioría foron remitidos á Mesa de redacción polas propias autoras e autores pero tamén algúns deles foron solicitados por algún dos membros da Mesa de redacción dentro dese labor de busca e de promover a publicación das e dos profesionais que considerabamos que tiñan cousas interesantes que compartir.

**Táboa 3***Orixe do artigo*

	N	%
Artigo	165	80,1
Xornadas	21	10,2
Premios DMTS	20	9,7
TOTAL	206	100,0

Experiencias profesionais desenvolvidas en todo o país, dende as entidades nas que compañeiras e compañeiros traballan e que podían ser de interese, reflexións persoais ao redor de distintas temáticas, resultados e conclusións de varios estudos que amplían o coñecemento sobre a realidade na que traballamos ou sobre os nosos modos de facelo, achegas teóricas de interese para a disciplina, forman parte da sección dedicada aos artigos. Subliñar que sempre existiu un interese por parte da Mesa de redacción por achegarse ao estudantado de traballo social, e froito disto, é a publicación dende os primeiros números de varios artigos que recollen a experiencia do alumnado durante as súas prácticas profesionais, e máis adiante o resultado de traballos de fin de grao que foron presentados nas universidades que imparten o Grao en Traballo Social.

Outra fonte importante para esta sección foron as distintas xornadas e encontros organizados polo COTSG, dende o número 4 publicado en 2001 no que se recollían relatorios expostos nunha "Xornada sobre a coordinación entre os sistemas de saúde e de servizos sociais", quixemos que a revista servira de testemuña e de referente, do que nestes puntos de encontro e de reflexión colectiva se construía ao redor da profesión.

Cando o Prestige encallaba nas nosas costas en novembro de 2002, varias profesionais atopabámonos naquel mesmo día na Veiga nas xornadas "O/A traballador/a social: dinamizador do mundo rural". Unha selección das contribucións feitas polas relatoras e relatores que participaron foron recollidas no número 6 da revista, entre elas quixeramos destacar a de Luis Alberto Barriga Martín *Estratexias de futuro: viveiro de reflexións innovadoras*, que nunha clase de viaxe ao futuro, achéganos un marabilloso "recetario" que revisado a día de hoxe segue tendo plena utilidade. No ano 2015, publícanse no número 17 varios relatorios dos expostos na xornada "O traballo social en situación de crise, emerxencia ou catástrofe", organizadas en Santiago de Compostela tras o

accidente do tren Alvia, que tanta dor e rabia deixou dentro de todas e todos nós. A actuación dos compañeiros e compañeiras traballadoras sociais que participaron na emerxencia aqueles dolorosos días en Santiago de Compostela, merecía ser recoñecida por todo o colectivo, e tamén unha reflexión dende o punto de vista profesional e metodolóxico que achegara outros puntos de vista, e novas estratexias de cara a futuras situacións de crises. Seguindo nesta liña, no número 20 publícanse dous volumes, no segundo dos cales se recollen as achegas feitas nos relatorios e comunicacións presentadas nas "II Xornadas de traballo social e saúde", que tiveron lugar en novembro de 2016 en Vigo, e que nos permitiron afondar en diversas cuestións do eido da saúde e do traballo social sanitario, que nos preocupaban naquel momento e que considerabamos que serían de interese deixar recollidas nesta publicación.

Tal e como se recolle na editorial do volume II do número 18 da revista:

O COTSG na procura continua de novas iniciativas tendentes a estimular a participación das persoas colexiadas e, ao mesmo tempo, incentivar a investigación e a mellora da nosa disciplina profesional vén realizando nos últimos anos diferentes actividades tanto formativas como divulgativas. Neste sentido, entre estas iniciativas, no ano 2015 puxo en marcha a primeira convocatoria dos I Premios de Investigación e Boas Prácticas. O obxectivo fundamental desta iniciativa é recoñecer, premiar e divulgar traballos de investigación e boas prácticas relacionadas coa disciplina do traballo social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (COTSG, 2015, p.5).

Nese compromiso por parte do órgano colexial, estaba tamén a publicación dos traballos premiados na revista *Fervenzas*. Conforme a isto, dende ese número 18 e en todos os seguintes, publícanse os traballos premiados nas sucesivas convocatorias dos Premios do Día Mundial do Traballo Social nas súas distintas modalidades: Boas prácticas, Investigación e Traballos de Fin de Grao, que suman un total de 20 traballos.

Ao longo desta investigación, abórdase de xeito máis pormenorizado información sobre a autoría e contidos destes 206 artigos.

### ***Sección En Rede***

No número 7 da revista preséntase unha nova estrutura, e con ela novas seccións que posibilitaron mellorar o seu formato e enriquecer o contido. Ao longo de todos estes anos a sección *En Rede* recolleu a presentación de 29

entidades, organismos, proxectos, servizos, entre outros, que permitiron que estes se deran a coñecer entre a colexiación alimentando o noso afán por coñecer os recursos da nosa contorna. Na táboa 4 recóllese todo o publicado na sección *En Rede*, indicando autoría, e número e ano da revista. As 19 entidades do terceiro sector, supoñen a porcentaxe máis alta do contido desta sección (65,1 %).

**Táboa 4**  
*En Rede*

Programa, servizo, asociación...	N.º de revista	Ano	Autoría
Comité de representantes de persoas con discapacidade de Galicia	7	2003	Ignacio Rodríguez Sáez
Asociación galega de residencias e centros de anciáns de iniciativa social "Acolle"	8	2005	M.ª do Carme Santos Alfonso, Paulo Naseiro Ramudo, Rocío Carbón Sueiro e Joaquín Quiñoy Vázquez
Galicia Acolle: Asociación para a integración de inmigrantes estranxeiros	9	2006	Javier Hermida Porto e Miguel Ángel Valcárcel Calvo
Achegas do presidente de A.I.D.A. (Asociación para a Integración e Desenvolvemento Africano)	9	2006	Ibrahima Niang
A rede de centros Quérote	10	2007	Ignacio Iglesias Villar e Sonia Morán Prieto
O servizo de Teleasistencia Domiciliaria	10	2007	Ana Fernández Sangil
A Marcha Mundial das Mulleres. Coordinadora nacional galega	11	2008	Eva Salgado Rodríguez
A Fundación Juansoñador e o programa teranga	12	2009	Eloina Ingerto López e Nuria García Calvo

SINERXXIA, Empresa de intervención psicosocial: descrición do servizo e lugar do traballo social	12	2009	Eva Fernández Pérez
Ecos do Sur	13	2010	Ecos do Sur
Senes	13	2010	Damián Vázquez Lavandeira
COGAMI	14	2012	COGAMI
ALCER Coruña. Asociación para a Loita Contra as Enfermidades de Ril	15	2013	Andrea Pardo Mesías
Cruz Vermella e o Programa de Familias Acolledoras	15	2013	Mónica Devesa Fernández, Carmen Fernández Folgueira, Carmen Rey Naveira, Laura Zamorano García, Javier Ferreiro Valenzuela e Marta Pintos Magdalena
Asociación proenfermos mentais da Coruña "APEM"	16	2014	M.ª Esther Monterroso Martínez
Colectivo Encontro-Marea Laranxa	16	2014	José Antonio Ramírez e Pepa Vázquez
Asociación Boa Vida	17	2015	Pepa Vázquez Martínez
Consecuencias na etapa adulta do maltrato infantil	18_vol I	2015	Marta Calzada Mozo
Asociación para a prevención da exclusión social (APES)	19	2016	M.ª Inmaculada Victorino
Asociación galega de hemofilia (AGADHEMO)	19	2016	Mónica Ureña Jiménez
AFALU, Asociación de familiares de	20_vol I	2018	M.ª Maitane

doentes de Alzheimer e outras demencias neurodexenerativas de Lugo			Fernández Núñez
AFACO, Asociación de Familiares de Enfermos de Alzheimer e outras Demencias da Coruña	20_vol I	2018	Carmen Patricia Gómez Lamas
Cooperativa Xeracción	20_vol I	2018	Nerea Conde Seguí
Asociación Provivenda	21	2019	Ana Pardo Fernández
Asociación Vínculos na infancia Galicia	22	2020	Alba Covelo Riveiro, Andrea Rodríguez Naveira e Gabriela Miño Martos
AFOUTA S. Coop. Galega	22	2020	Sonia Fernández Bertólez
Servizo de Neurorehabilitación do hospital vihas Vigo. Perspectiva social na atención a persoas con dano cerebral	23	2021	Raquel Fernández Míguez
Programa acompañote. Cáritas Interparroquial da Coruña	24	2022	Cáritas Interparroquial da Coruña
Asociación abuso e maltrato infantil no Galicia "Amino.Gal"	24	2022	AMINO.GAL

### ***Sección entrevista***

No interese por coñecer e intercambiar experiencias, é preciso enmarcar as 17 *entrevistas* realizadas a persoas que consideramos que tiñan algo interesante que achegarnos dende o traballo social, dende outras disciplinas afíns ou dende o cargo que tiñan naquel momento, que se presentan na seguinte táboa. Facendo un repaso destas entrevistas, podemos identificar a traxectoria dos intereses que foron xurdindo na profesión nestes últimos anos dende aquel número 7, no que Lourdes Besada entrevistaba a Jorge Colapinto, psicólogo e terapeuta familiar,

ata o último número da revista no que María Jesús Lago entrevista a Noelia Ordieres, traballadora social experta nos coidados ao final da vida. Quixeramos aproveitar a ocasión de agradecer a colaboración de todas as persoas que se prestaron tanto a realizar as entrevistas como a ser entrevistadas, achegando información e reflexións enriquecedoras de relevancia profesional.

## Táboa 5

### *Entrevistas realizadas*

<b>Persoa entrevistada</b>	<b>N.º de revista</b>	<b>Ano</b>	<b>Persoas entrevistadoras</b>
Jorge Colapinto <i>Psicólogo e terapeuta familiar</i>	7	2003	Lourdes Besada Agra
Marta Llobetg <i>Membro fundadora da Comisión Mixta da Licenciatura e membro da Comisión Mixta para la Obtención de Título de Grao en TS</i>	8	2005	Maribel Rodríguez Cañas
María Xesús Lago Vilaboa <i>Secretaría xeral de Benestar</i>	9	2006	Pilar Couce Freire
Rubén Cela <i>Director xeral de Xuventude e Solidariedade</i>	10	2007	Ignacio Iglesias Villar
Carme Adán <i>Secretaría xeral de Igualdade da Vicepresidencia de Igualdade e do Benestar</i>	11	2008	M.ª Xosé Vázquez Vázquez e Carmen Verde Diego
Coro Piñeiro <i>Directora xeral de Dependencia e Autonomía Persoal</i>	12	2009	M.ª José Redondas Vallejo
Ana Isabel Lima Fernández <i>Presidenta do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en TS e Asistentes sociais</i>	13	2010	Carmen Verde Diego



Juani Tubío Ordóñez <i>Presidenta do COTSG</i>	14	2012	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
Ignacio Iglesias, M.ª Paz Pérez e Margarita Castrejón <i>Responsables de concellerías de Benestar Social</i>	15	2013	Pepa Vázquez
Sonia Fernández Bertólez <i>Perspectiva desde unha alumna de 3.º de traballo social e do futuro profesional</i>	16	2014	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
David Silva <i>Presidente da EAPN Galicia</i>	17	2015	Marta Capeáns Outeiro
Berta Travieso <i>Traballadora social en UNICEF</i>	18 Vol. I	2016	Inés Moreira Brenlla M.ª Xosé Vázquez Vázquez
Laura Bugallo <i>Activista galega</i>	19	2017	Eva Salgado
Fernando Fantova <i>Consultor social</i>	20 Vol I	2018	Jesús Pérez Pérez e Víctor González Meizoso
Concepción Rancaño Osorio <i>Presidenta do COTSG de Galicia entre os anos 1997-2001, con motivo da conmemoración dos 20 anos do MATIASS</i>	22	2020	Ignacio Iglesias Vilar
Rodrigo Gil Cedillo <i>Educador social e membro dos colectivos cidadáns pola renda básica universal</i>	23	2021	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
Noelia Ordieres <i>Traballo social e defensa dos dereitos dos e das pacientes ao final da vida</i>	24	2022	M.ª Jesús Lago Vilaboa

### **Recensión de publicacións**

Cultivar o coñecemento é, sen dúbida, unha responsabilidade profesional e necesidade vital de cada unha de nós, nos últimos anos as publicacións de interese para a profesión multiplicáronse de forma moi importante, foi difícil para calquera poder achegarnos a todas elas e véndonos na obriga de seleccionar e desbotar ou atrasar a lectura doutras. Nun intento de facilitar esta escolla, dende o número 7 de *Fervenzas* a Mesa de redacción vén compartindo coa colexiación un total de 27 *Comentarios de publicacións* que nos parecían que podían ser de interese animando á súa lectura. Na seguinte táboa poden verse as recensións feitas nestes 18 números.

**Táboa 6**

#### *Recensións de publicacións*

<b>Publicación e autoría</b>	<b>N.º de revista</b>	<b>Ano</b>	<b>Autoría da recensión</b>
<i>Imagen y comunicación en temas sociales</i> (2002) Gustavo A. García Herrero e Josde Manuel Ramírez Navarro	7	2003	M.ª José Tomás Barbén
<i>Revista Galega de Ciencias Sociais</i> n.º 1 (2003)	7	2003	Manuel García Docampo
Familia: Políticas y servicios (2002)	7	2003	Andrés Hernández Mouriño
A construción social do territorio galego (2003) Manuel García Docampo	8	2005	Xoán Carlos Bascuas Jardón
Calella sen saída (2001) Víctor Omgba	9	2006	M.ª Xosé Vázquez Vázquez

Revista <i>Migraciones</i> , n.º 17, primeiro semestre (2005) VV.AA.	9	2006	Javier Hermida Porto
<i>Ley de la promoción de la autonomía personal y atención a las personas en situación de dependencia. Análisis y comentarios</i> (2008) Gustavo García Herrero y José Manuel Ramírez Navarro	10	2007	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
<i>Colección de manuais de Alianza Editorial: política social/servizos sociais</i>	10	2007	Carmen Verde Diego
<i>Protocolo común para la actuación sanitaria ante la violencia de género</i> (2007)	11	2008	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
<i>Guía de actuación ante a violencia de xénero para AS=OS profesionais dos servizos sociais</i> (2007)	11	2008	Sabela Fernández Lema
<i>Política social e Traballo social</i> (2009) Coordinador/a: Tomás Fernández García e M.ª Yolanda de la Fuente	12	2009	Mónica López Viso
<i>O SAF na encrucillada</i> (2010) Gustavo A. García Herrero	13	2010	Sonia Pérez Iglesias
<i>Manual orientativo de prevención y actuación ante agresiones a trabajadores sociales</i> (2010) Coordinador do traballo: José Ignacio Santás García	14	2012	Edith Pita Hermida
<i>O límite do pensarte libre</i> (2009) Iago Santalla	15	2013	Sabela Fernández

<p><i>Prevención de drogodependencias e outras condutas aditivas</i>                  Coordinadores: Manuel Isorna, David Saavedra Piño</p>	15	2013	Non consta
<p><i>El cuarto pilar. Un nuevo relato para los servicios sociales (2012)</i>                  Joaquín Santos Martí</p>	16	2014	Francisco Xabier Aguiar Fernández.
<p><i>Estudo de viabilidade da renda básica das iguais en Galiza. Repartindo a nosa riqueza</i>                  Diego Lores Correa, Enrique García Escamilla, Manolo Saéz Bayona (coords.)</p>	16	2014	Sonia Pérez Iglesias
<p><i>Manual para trabajadores sociales y otros profesionales de la ayuda (2013)</i>                  Arricivita Amo, Ángel Luis.</p>	17	2015	M.ª Xosé Vázquez Vázquez
<p><i>Colección literaria sobre o exercicio profesional do traballador social</i>                  Coordinador da colección: Alfredo Hidalgo Lavié</p>	17	2015	Sonia Feijoo Alén
<p><i>Bases Teóricas y Metodológicas del Trabajo Social Forense para la Evaluación de Lesiones y Secuelas Sociales del Abuso Sexual a Menores (2014)</i>                  Simón Gil, Marta.</p>	18 Vol I	2016	Ana María Rodríguez González
<p><i>Homosexualidad y trabajo social. Herramientas para la reflexión e intervención social (2006)</i>                  Ángel Luis Maroto Sáez</p>	19	2017	Francisco Xavier Aguiar Fernández

<i>Prácticas del trabajo social clínico</i> (2017) Amaya Ituarte	20 Vol I	2018	Inés Moreira Brenlla
<i>Protección de datos en servicios sociales. Guía para profesionales</i> (2018) Coordinadoras: Lima Fernández, Ana I. y Maya González, A.	21	2019	Inés Moreira Brenlla
<i>Trabajo Social y Servicios Sociales. Conocimiento y Ética</i> (2019) María Patrocinio Las Heras	22	2020	Xoán Lombardero
<i>Silencio administrativo. La pobreza en el laberinto burocrático</i> (2019). Sara Mesa	23	2021	Begoña Sánchez Roura
<i>A violencia contra as mulleres. Prevención e detección. Como promover desde os servizos sanitarios relacións autónomas, solidarias e gozosas</i> (2021) Belén Nogueiras, Consue Ruíz-Jarabo, Cistina Polo, Fina Sanz, Juan Teresa Jiménez, Lourdes Mendi, Amelia Morales, Paloma Andrés, Pilar Babi, Pilar Blanco, Raquel Millán, Rosa M. <sup>a</sup> Arranz, Santiago Moreno, Sara Vicente, Antonia Aretio	24	2022	Ana María Rodríguez González

### ***Fichas de investigación social***

Dende o número 13 de *Fervenzas* véñense publicando na revista un total de 13 *Fichas de investigación social* que recollen a síntese de 12 teses de doutoramento e dun Proxecto de investigación, presentados por outros tantos traballadoras e traballadores sociais que era preciso salientar e dar a coñecer á profesión. As escasas oportunidades de coñecer investigacións deste nivel realizadas por profesionais do traballo social en Galicia merecía un lugar de seu na revista e un recoñecemento a todas elas e eles por parte do colectivo. De todo o conxunto das teses referenciadas, a situación de dependencia e a contorna familiar foron os temas que obteñen máis protagonismo, como se recolle na seguinte nube de palabras.

### **Figura 5**

*Nube de palabras dos temas de teses de doutoramento*



Na táboa 7, expóñense as teses de doutoramento que foron presentadas, así como a autoría e ano da súa defensa. Os programas de doutoramento nos que están inscritas as teses son da área de psicoloxía, socioloxía e educación que abordan problemas sociais en Galicia.

### **Táboa 7**

#### *Fichas de investigación social publicadas en Fervenzas*

<b>Título e ano</b>	<b>Autoría</b>	<b>N.º no que se publica a ficha/ano</b>	<b>Enfoque metodolóxico</b>
A reinserción social no ámbito penitenciario (2003)	Facal Fondo, Teresa	n.º 13/2010	Cuantitativo
Transformación nas esferas da vida das coidadoras e coidadores familiares ou da súa contorna das persoas en situación de dependencia con grao II e III en Galicia (2011)	García Álvarez, Purificación	n.º 14/2012	Mixto
Ansiedade, depresión e obsesión ante a morte en estudantes universitarios (2010)	Aguiar Fernández, Francisco Xavier	n.º 14/2012	Cuantitativo
Características dos usuarios de servizos sociais para maiores e proposta dun modelo de asignación de recursos (2010)	Iglesias Souto, Patricia María	n.º 15/2013	Cuantitativo
Fiabilidade do instrumento para valorar a situación de dependencia en España en persoas maiores de tres anos (Real decreto 504/2007) (2012)	González Rodríguez, Rubén	n.º 16/2014	Cuantitativo
Retos educativos no desenvolvemento local: percepción educativa de alumnado, familias e axentes sociais na bisbarra de Verín (2014)	Rodríguez Otero, Luis M.	n.º 17/2015	Mixto
A familia ante a discapacidade visual dun fillo: reaccións, afrontamento e clima (2010)	Mayo Pais, M.ª Emma	n.º 17/2015	Cuantitativo

El Programa de Educación y Apoyo Familiar: La intervención con familias en riesgo y/o exclusión social en el contexto de los Servicios Sociales de Galicia. (2017)	Besada Agra, Lourdes	n.º 20/2018	Mixto
A evolución da percepción social dos trastornos da conduta alimentaria nos profesionais da saúde en Galicia (2018)	Labora González, Juan José	n.º 21/2019	Mixto
Perfiles de calidad de vida de las personas mayores dependientes usuarias de centros de día (2019)	Magaña Terrón, Luz A.	n.º 22/2020	Cuantitativo
Narrativas e redes de apoio social de mulleres superviventes do sistema prostitucional: das ausencias ás emerxencias desde o feminismo e a interseccionalidade (2020)	Añón Loureiro, Lorena	n.º 23/2021	Cualitativo
Midiendo la dependencia y su impacto en las personas cuidadoras (2021)	Rodríguez González, Ana María	n.º 24/2022	Mixto

En canto ao tipo de estudo das teses de doutoramento, cabe mencionar que todas son descritivas-exploratorias, onde seis delas teñen un enfoque metodolóxico cuantitativo, unha cualitativa e cinco mixtas.

### ***Espazo aberto***

Por último, na sección *Espazo aberto* quixemos dar a oportunidade a incluír e publicar achegas feitas por compañeiras e compañeiros con comentarios de documentais, filmes ou informacións sobre noticias de especial interese ou reflexións que quixeran compartir co colectivo profesional. En total nos distintos números de *Fervenzas* podemos atopar un total de 13 publicacións nesta sección, que se recollen na táboa seguinte.

## **Táboa 8**



Título	Autoría	Ano n.º revista
<i>Si nos dejan. Cine documental sobre a inmigración desde a inmigración.</i>	Carmen Verde Diego, traballadora social. Doutora en Filosofía Política e Ética, profesora de Traballo Social UVI (Ourense)	2007 n.º 10
<i>Recursos audiovisuales para unha análise crítica da Violencia Machista</i>	M.ª Elena De Jesús Rodríguez, directora-psicóloga do CIM do Concello de Ourense, profesora de Traballo Social UVI (Ourense)	2008 n.º 11
<i>Sólo Mía. Javier Balaguer. España 2001</i>	Rubén González Rodríguez, traballador social e terapeuta ocupacional, coordinador técnico provincial de dependencia (Ourense)	
<i>Un cuidador. Dúas vidas. Programa de atención á dependencia. Apoio ao cuidador familiar. Fundación "La Caixa"</i>	Rubén González Rodríguez, traballador social e terapeuta ocupacional, coordinador técnico provincial de dependencia (Ourense)	2009 n.º 12
<i>¡A min non me digas que non se pode! Langui</i>	Sabela Fernández Lema, traballadora social.	
<i>Consideracións e propostas ao proxecto de decreto polo que se van regular os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento</i>	Eladio de Vicente Fernández, traballador social do Equipo de Servizos Sociais do Concello de Vilalba (Lugo)	2010 n.º 13
<i>Mediación e traballo social.</i>	Ana Martín Muñoz, mediadora en conflitos, avogada, traballadora social, vogal da Xunta Directiva do Grupo de Mediación do Ittre. Colexio de Avogados de Granada. <a href="http://www.puntodemediacion.com">www.puntodemediacion.com</a>	2012 n.º 14
<i>Marea Laranxa</i>	José Antonio Ramírez Amor, mediador sociocomunitario	2013 n.º 15

<i>Dereitos só para unha minoría?</i>	Oficina de Dereitos Sociais de Coia (ODS-Coia, Vigo). Punto de información e denuncia de dereitos sociais.	2014 n.º 16
<i>O programa de intercambios profesionais internacionais do CIF. O relato dunha experiencia.</i>	Inés Moreira Brenlla, traballadora social nunha entidade prestadora de servizos sociais inesmb@cçtrabajosocial.com	2015 n.º 17
<i>Da indignación a acción: a configuración de novas formacións políticas.</i>	Antía Alonso Álvarez, traballadora social nos servizos sociais comunitarios do Concello da Coruña	2015 n.º 18 Vol. I
<i>Coidados paliativos e exclusión social.</i>	María Jesús Lago Vilaboa, traballadora social UCP- EOXI/VIGO	2016 n.º 19
<i>Iniciativa cidadá pola introdución dunha renda básica incondicional en toda a Unión Europea</i>	Bieito Lorenzo e M.ª Xosé Vázquez Colectivos cidadáns pola Renda Básica de Galicia <a href="https://colectivosciudadansrbu.wordpress.com/">https://colectivosciudadansrbu.wordpress.com/</a>	2021 n.º 23

## 2.6.2. Quen publicou artigos en *Fervenzas*?

Neste apartado analízase a autoría dos artigos publicados, presentados por iniciativa propia, ou a petición da Mesa de redacción, así como os procedentes de xornadas organizadas polo COTSG e dos Premios do Día Mundial do Traballo social, que suman un total de 206, que se mostran na táboa 9.

Con respecto ao número de persoas autoras, máis da metade, o 69,0 %, foron elaborados por unha soa persoa, cunha diferenza de 53,7 puntos, respecto dos realizados por dúas persoas, que acadan unha porcentaxe do 15,3 %. O resto de artigos representan en conxunto o 15,7 %, cuxa autoría varía desde tres a máis de 10 persoas autoras. Cabe sinalar, que se incluíron tamén, nesta porcentaxe, os 6 artigos de autoría institucional.

**Táboa 9***Número de persoas autoras*

	Artigos	
	N	%
1 persoa	142	69,0
2 persoas	32	15,3
3 persoas	12	5,8
4 persoas	3	1,5
5 persoas	3	1,5
6 persoas	1	0,5
7 persoas	2	1,0
8 persoas	1	0,5
9 persoas	2	1,0
10 persoas	1	0,5
+ de 10	1	0,5
Autoría institucional	6	3,0
	206	100,0

Sendo conscientes de que a táboa seguinte reproduce o binarismo de xénero, cuestionado como instrumento de poder, e na actualidade intentado ser superado pola perspectiva aberta cara a diversidade, cómpre sinalar que se optou igualmente por incluír os datos relativos ao sexo e que este foi atribuído en función do nome das persoas autoras dos artigos. Isto mostra que máis de tres cuartas partes corresponde a autoría a mulleres, o 77,8 %, e que baixa lixeiramente ao visualizar o sexo da primeira persoa autora, que acada o 75,0 %, o que supón 2,8 puntos por debaixo. Datos que poden observarse na táboa 10.

Con respecto ao total da primeira autoría, é necesario lembrar que 6 eran de autoría institucional, polo tanto non se incluíron nesta táboa que recolle a variable sexo.

**Táboa 10***Sexo das persoas autoras e da primeira autoría*

	N	%	1.ª autoría	
			N	%
Homes	75	22,2	50	25,0
Mulleres	263	77,8	150	75,0
TOTAL	338	100,0	200	100,0

En canto á disciplina das persoas autoras dos artigos, máis de tres cuartas partes corresponde ao traballo social, acadando o 80,3 %, e incrementase 6,7 puntos,

no caso de que sexa a da primeira persoa que figura como autora, o 87,0 %. Resultados que son esperables, ao tratarse dunha revista de traballo social.

Por outra parte, tendo en conta que non consta a disciplina de 8 persoas, o que supón un 2,4 %, o resto se reparte entre 18 disciplinas. Estas suman o 17,3 %, e destacan cos valores máis altos psicoloxía (4,7 %); dereito (3,0 %); socioloxía (2,1 %), educación social (2,1 %) e pedagogía e psicopedagogía (1,5 %).

Respecto da primeira autoría, cabe sinalar que dereito supera a psicoloxía, 3,5 % e 1,5 % respectivamente e invértese as posicións acadadas como disciplinas das persoas autoras, nos que psicoloxía obtén o 4,7 % e dereito o 3,0 %.

### Táboa 11

#### *Disciplina das persoas autoras e da primeira autoría*

	N	%	1.º autoría	
			N	%
Traballo Social	265	80,3	174	87,0
Psicoloxía	16	4,7	3	1,5
Dereito	10	3,0	7	3,5
Socioloxía	7	2,1	5	2,5
Educación Social	7	2,1	-	-
Pedagogía e Psicopedagogía	5	1,5	1	0,5
Historia	3	0,9	2	1,5
Medicina	3	0,9	2	1,5
Xornalismo	2	0,6	2	1,5
Enfermería	2	0,6	-	-
Filosofía	2	0,6	1	0,5
Economía	2	0,6	-	-
Arquitectura	1	0,3	1	0,5
Informática	1	0,3	1	0,5
Farmacía	1	0,3	-	-
Terapia Ocupacional	1	0,3	-	-
Docencia	1	0,1	1	0,5
Políticas	1	0,1	-	-
Non consta	8	2,4	-	-
TOTAL	338	100,0	200	100,0

### 2.6.3. Sobre que se escribiu nos artigos publicados

Ao longo destes 25 números podemos atopar na nosa revista diversos tipos de artigos que nun continuum que se retroalimenta entre a teoría e a práctica enriquecen o coñecemento daquelas persoas que nos achegamos a eles:

- Artigos nos que se realiza unha descrición ou análise dunha experiencia profesional, proxecto ou recurso concreto que desenvolven as persoas autoras.
- Artigos de análise ou discusión sobre normativas ou lexislación de interese profesional.
- Análises críticas e achegas ao redor dalgunha área de intervención social ou problemática concreta de interese profesional.
- Traballos de investigación desenvolvidos polas persoas autoras.
- Artigos nos que se reflexiona sobre o propio ámbito profesional.
- Análises e reflexións ou revisións dende o ámbito teórico con achegas á teoría ou a metodoloxía da práctica profesional ou cuestións éticas relacionadas con esta.
- Revisións bibliográficas ou de publicacións ao redor dun tema de interese.

As temáticas que son abordadas nestes artigos, poden ser quizás un dos aspectos que esperta máis interese. Neste sentido, e coa intención de acadar a maior precisión posible, chegouse a unha clasificación de 27 ámbitos de referencia, cos que se vinculan os artigos publicados.

Algún artigo ten relación con máis dun ámbito, o que implica que a táboa que recolle estes resultados é de resposta múltiple, o que explica que sumen un total de 298 na táboa 12, fronte ao total de 206 artigos publicados.

O ámbito que destaca coa porcentaxe máis alta é o da saúde, acadando o 19,1 %. Xunto cos ámbitos dos servizos sociais (12,4 %), inclusión social (9,1 %), muller (6,7 %), familia e infancia (6,1 %) e traballo social (6,1 %), suman máis da metade do total, o 59,5 %. O 41,5 % restante vén representado por 20 ámbitos, nos que cabe sinalar con 10 ou mais artigos, comunidade, políticas sociais, migracións e discapacidade.

**Táboa 12**

*Ámbito de referencia dos artigos*

	N	%	N.º de exemplares da revista que conteñen artigos neste ámbito
Saúde	57	19,1	18
Servizos sociais	37	12,4	17
Inclusión social (inclúe exclusión social e pobreza)	27	9,1	17
Muller	20	6,7	10
Familia e infancia	18	6,1	14
Traballo Social (teoría, ética, metodoloxía)	18	6,1	12
Comunidade	16	5,4	10
Políticas sociais	15	5,0	10
Migracións	13	4,4	4
Discapacidade	10	3,4	7
Xustiza	9	3,0	8
Educación	7	2,3	7
Maiores	7	2,3	6
Dependencia	6	2,0	4
Voluntariado	6	2,0	6
Inserción laboral	5	1,7	5
Protección de datos	5	1,7	4

Mocidade	4	1,3	3
Diversidade sexual	3	1,0	2
Emerxencias	3	1,0	1
Vivenda	3	1,0	2
Mediación	2	0,7	2
Colexición	2	0,7	2
Minorías étnicas	2	0,7	2
Adiccións	1	0,3	1
Exercicio libre	1	0,3	1
Terceiro sector	1	0,3	1
<b>TOTAL</b>	<b>298</b>	<b>100,0</b>	

*Nota.* Resposta múltiple

#### 2. 6. 4. Análise cronolóxica dos artigos publicados

Para afondar nos ámbitos e temáticas abordadas nos artigos, realizouse unha división en 5 quinquenios:

**Figura 6**  
Quinquenios de publicación de *Fervenzas*



Facendo a análise cronolóxica de como se distribúen ao longo do tempo os temas de interese, podemos ver como aqueles temas que acadan as maiores frecuencias: saúde, servizos sociais, inclusión social, muller, familia e infancia, traballo social, comunidade, políticas sociais, migracións, discapacidade, xustiza e educación son os que se distribúen ao longo de toda a historia da publicación dende os primeiros números da revista ata os últimos, en todo os seus períodos quinquenais e asemade son temas que se repiten con maior frecuencia nos distintos números da revista. Pola outra banda, temáticas como adicións ou minorías étnicas, cunha menor frecuencia, localízanse só en artigos publicados nos primeiros números editados, entre 1997 e 2006, e cuestións como as problemáticas relacionadas coa vivenda ou artigos ao redor da realidade ou da intervención do traballo social no ámbito da transexualidade podemos atopalas nos últimos números publicados da revista entre 2012 e 2022.

**Táboa 13**  
*Ámbito de referencia dos artigos por quinquenios*

	1997/2001	2002/2006	2007/2011	2012/2016	2017-2022
Saúde					
Servizos sociais					
Inclusión social					
Muller					
Familia/ infancia					
Traballo Social					



Comunidade					
Políticas sociais					
Migracións					
Discapacidade					
Xustiza					
Educación					
Maiores					
Dependencia					
Voluntariado					
Inserción laboral					
Protección de datos					
Mocidade					
Diversidade sexual					
Emerxencias					
Vivenda					
Mediación					
Colexiación					
Minorías étnicas					
Adiccións					
Exercicio libre					
Terceiro sector					



**Figura 8**

*Nube de palabras do 2.º quinquenio: 2002-2006*



**Figura 9**

*Nube de palabras do 3.º quinquenio: 2007-2011*



**Figura 10**

*Nube de palabras do 4.º quinquenio: 2012-2016*



**Figura 11**

*Nube de palabras do 5.º quinquenio: 2017-2022*



### 3. CONCLUSIÓNS E RETOS

Cumpridos 25 anos desde o seu nacemento, a revista *Fervenzas* segue a contribuír á difusión do coñecemento reflexivo e crítico, así como, ser a canle de transmisión dos temas de interese para as e os profesionais do traballo social de Galicia, e doutros profesionais que interveñen en ámbitos como os servizos sociais, saúde, vivenda, educación, xustiza, entre outros. Neste sentido, segue a ser a revista de referencia de traballo social na Comunidade Autónoma de Galicia como se pode considerar pola súa traxectoria a revista de *Servicios Sociales y Política Social* a nivel estatal.

Ao longo dos 24 números editados, publicáronse un total de 206 artigos de diversos tipos, entre os que destacan: descrições ou análises de experiencias profesionais, de proxectos ou de recursos concretos; análises e discusións sobre normativas ou lexislación de interese profesional; análises críticas ou achegas ao redor dalgunha área de intervención ou problemática concreta; traballos de investigación desenvoltoas polas persoas autoras; reflexións sobre o propio ámbito profesional; e análises ou revisións desde o ámbito teórico con achegas á teoría ou á metodoloxía da práctica profesional ou cuestións éticas relacionadas con esta.

Un dos aspectos de maior interese, pode ser o ámbito no que se encadran os artigos. Dos 27 ámbitos categorizados, os que obteñen as porcentaxes máis altas son, de máis a menos, saúde, servizos sociais, inclusión social, muller, familia e infancia e traballo social, que suman o 59,5 %. Cómpre destacar que o ámbito da saúde ocupa o primeiro posto, cun 19,1 %, en sintonía cos estudos realizados por Isaza e Patiño (2001) e Facal e Rodríguez (2019) onde tamén figura como un dos principais ámbitos na elaboración de artigos dende traballo social.

A análise cronolóxica dos temas abordados nos artigos mostra que os ámbitos de saúde, servizos sociais, inclusión social, muller, familia e infancia, Traballo social, comunidade, políticas sociais, migracións, discapacidade, xustiza e educación, están presentes nos cinco quinquenios analizados, a diferenza dos ámbitos de adicións ou minorías étnicas, que se localizan no primeiro e segundo quinquenio respectivamente, e pola contra, cuestións relacionadas coa vivenda ou a transexualidade son abordadas en artigos publicados nos dous últimos quinquenios.

As principais conclusións respecto da autoría dos artigos son as seguintes: o 69 % deles foron elaborados por unha única persoa. Só por riba dun 10,0 % sitúase a autoría de dúas persoas, cun valor de 15,3 %. En relación co sexo das persoas autoras, é preciso sinalar que este foi atribuído polo seu nome, desde

unha categorización binaria, aínda que somos conscientes que non respondería a unha proposta inclusiva da diversidade. Os resultados obtidos mostran que maioritariamente son mulleres as autoras dos artigos, o 77,8 % cando contabilizamos o total das persoas autoras, e o 75 %, respecto da primeira autoría. As 20 disciplinas rexistradas mostran a pluralidade presente na formación das persoas autoras e destacan obviamente a de traballo social que acada o 80,3 %. Porcentaxe que se incrementa nun 7 % no suposto da primeira autoría (87 %).

Así mesmo, as 29 presentacións de *En rede*, as 17 entrevistas, as 27 recensións de publicacións, as 13 fichas de investigación social, e os 13 comentarios en *Espazo aberto*, avalan o decisión de incorporar novas seccións na revista, que achegan riqueza e claridade na organización dos contidos desta.

En definitiva, a revista *Fervenzas* representa o esforzo realizado pola colexiación galega por visibilizar e compartir as investigacións, as experiencias e as reflexións profesionais, contribuíndo á arelada retroalimentación da teoría e a práctica profesional. A modiño, pero con paso firme, a revista foi evolucionando e permaneceu permeable aos cambios producidos na realidade social e na nosa profesión durante este período. Entre estes, o paso da impresión en papel ao predominio da dixitalización, o aumento das investigacións nas publicacións despois da implantación do título de grao ou o incremento dos mestrados e doutoramentos dos e das nosas profesionais, así como a mellora nos criterios de calidade científica e difusión acadados. *Fervenzas* naceu como revista de referencia para a profesión, e honestamente, consideramos que esta finalidade foi conseguida. Certo é que non sen dificultades, pois apostar pola investigación desde e para a profesión, en galego, e con base fundamentalmente no territorio, non é, nin moito menos, un camiño exento de atrancos. Se temos en conta os criterios de calidade estandarizados a nivel académico e predominantemente asentados internacionalmente (hoxe en día tamén postos en cuestionamento por primar cuestións cuantitativas e de impacto, con variables de avaliación que non sempre se adaptan ás especificidades das ciencias sociais ou á diversidade da realidade social), a nosa revista ten debilidades, sabémolo, así como que aínda ten moitas posibilidades por explorar e camiños por percorrer que nos causan gran motivación. Non obstante, os 25 primeiros anos son unha efeméride tamén para presumir, para recoñecer e compartir os nosos esforzos, logros e fortalezas. *Fervenzas* é a revista galega do traballo social, a que motiva e acompaña ao colectivo profesional para que desde Galicia visibilice o seu traballo e inquiredanzas, a que busca poñer en valor investigacións e experiencias que quizais doutro xeito non coñeceríamos, a que

ten como principal foco de atención a realidade social do noso territorio. Pero ao tempo, a revista que desde o aquí se funde co alí e se presenta ao mundo, con outras voces e profesionais, desde o local ao global, desde o profesional ao académico, nun compás de ida e volta, coa ollada posta no futuro.

## 10 RETOS PARA O FUTURO DE *FERVENZAS*:

Chegados a este punto, e tras a análise realizada e que se presenta neste artigo, vexamos, por último, cales son aqueles retos de futuro que dende a actual Mesa de Redacción de *Fervenzas* propoñemos. Entendendo que se trata de obxectivos que, por unha banda, supoñen estímulos para seguir a traballar e, pola outra, unha guía que nos orienta no futuro máis próximo como publicación de referencia do traballo social en Galicia.

1. Dixitalización da revista, coa finalidade de incrementar a súa difusión, dentro e fóra de Galicia, e por outra parte facilitar a accesibilidade a esta.
2. Incrementar o índice de impacto da revista, e a súa posición nas bases de datos nas que figuran indexadas as publicacións de eido social.
3. Chegar ás persoas que teñan a posibilidade de escribir experiencias e coñecementos de relevancia profesional, e que decidan transmitilos a través da revista *Fervenzas*.
4. Darlles voz ás minorías, ou entidades con escasas posibilidades de visibilización, e servir de canle de difusión da súa actividade.
5. Potenciar a publicación de artigos nos ámbitos de menor frecuencia.
6. Reforzar a formación e asesoramento en investigación e transferencia de coñecementos ás persoas interesadas en publicar.
7. Como revista de traballo social, promover artigos que versen sobre a propia disciplina, e contribúan ao seu acervo teórico.
8. Potenciar os números monográficos, que permitan profundar en temas de relevancia profesional.
9. Darlle voz de novo á colexiación, a través dun estudo que permita coñecer a súa opinión sobre contido, formato, difusión, accesibilidade e outros aspectos da revista.
10. E finalmente o gran reto cara ao futuro, é o de seguir co camiño percorrido e avanzar por estes horizontes descritos ou outros que se poidan presentar, para dentro doutros 25 anos, volver analizar a andadura realizada.





## REFERENCIAS

- American Psychological Association. (2021). *Manual de publicacións de la American Psychological Association*. El Manual Moderno.
- Colexio de Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia. (1997). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 0*.
- Colexio Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia. (1998). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 1*.
- Colexio Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia. (1999). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 2*.
- Colexio Traballadores Sociais e Asistentes Sociais de Galicia. (2000). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 3*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2001a). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 4*
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2001b). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 5*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2001c). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 6*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2003). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 7*
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2005). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 8*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2006). A inmigración (Monografía). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 9*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2007). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 10*.
- Colexio Oficial de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais de Galicia. (2008). Violencia de xénero e Servizos Sociais. Unha visión integral. *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 11*
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2009). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 12*.
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2010). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 13*.
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2012). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas, 14*
- <https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-14.pdf>

- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2013). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 15.  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_15.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_15.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2014). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 16.  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_16.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_16.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2015a). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 17.  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_17.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_17.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2015b). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 18(1).  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_18\\_tomo\\_1.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_18_tomo_1.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2015c). I Premios de investigación e boas prácticas. *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 18(2).  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_18\\_tomo\\_II.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_18_tomo_II.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2016). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 19.  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas\\_19.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas_19.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2018a). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 20(1).  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-20\\_vol-1.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-20_vol-1.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2018b). Comunicacions presentadas ás II Xornadas de Traballo Social e Saúde, en Vigo: *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 20(2).  
[https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-20\\_Vol\\_2.pdf](https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-20_Vol_2.pdf)
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2019). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 21.  
<https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-21.pdf>

- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2020). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 22.  
<https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-22.pdf>
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2021). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 23.  
<https://traballosocial.gal/wp-content/uploads/2021/04/Fervenzas-23.pdf>
- Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia. (2022). *Revista Galega de Traballo Social. Fervenzas*, 24.
- Consejo General de Trabajo Social. (2012). *Código Deontológico del Trabajo Social*. [https://www.cgtrabajosocial.es/codigo\\_deontologico](https://www.cgtrabajosocial.es/codigo_deontologico)
- Directiva 2001/29/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 22 de mayo de 2001, relativa a la armonización de determinados aspectos de los derechos de autor y derechos afines a los derechos de autor en la sociedad de la información. *DOCE 167*, do 22 de xuño.  
<https://www.boe.es/buscar/doc.php?id=DOUE-L-2001-81549>
- Ferrari, R. (2015). Writing narrative style literature reviews. *Journal medical writing*, 24(4), 230-235.  
<https://www.tandfonline.com/doi/abs/10.1179/2047480615Z.000000000329>
- Jara Holliday, O. (2019). ¿Por qué y para qué sistematizar las experiencias de extensión universitaria? +E: *Revista de Extensión Universitaria*, 9(11-Jul-Dic), 3–9. <https://doi.org/10.14409/extension.v9i11.jul-dic.8675>
- Isaza, L. G.; Patiño, R. (2001). La investigación en trabajo social en Colombia (1995-1999). *Trabajo Social*, (3), 28-51.  
<https://revistas.unal.edu.co/index.php/tsocial/article/view/32936>
- Mesa de redacción de Fervenzas. (2005). Resultados da enquisa de satisfacción á colexiación sobre a Revista Galega de Traballo Social, *Fervenzas*, 8, 183-192.
- Real Decreto Legislativo 1/1996, de 12 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Propiedad Intelectual, regularizando, aclarando y armonizando las disposiciones legales vigentes sobre la materia. *BOE 97*, de 22 de abril,  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-1996-8930>
- Rodríguez, O. E Facal, T. (2019). Panorama de las publicaciones científicas vinculadas al Trabajo Social. *Revista de Trabajo Social, Interacción y perspectiva*, 9 (2), 188-202.  
<https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=7351576>

Mesa de redacción de *Fervenzas*:

Sánchez, L. E Blanco, B. (2016). Análisis de la producción científica hispana en mejora continua: 1990-2011. *Revista Española de Documentación Científica*, 39 (1), e116. <https://doi.org/10.3989/redc.2016.1.1264>

## APÉNDICES

**Apéndice 1: Composición das mesas de redacción**

<b>Integrantes</b>	<b>Provincia/ Universidade</b>	<b>Período</b>
M. <sup>a</sup> Xosé Vázquez Vázquez*	Ourense	2000-2022
Andrés Hernández Mouriño	A Coruña	2000-2005
Ana Méndez Fernández	Universidade de Vigo	2000-2005
Eladio de Vicente Fernández	Lugo	2000
Lourdes Besada Agra	Universidade de Santiago	2000
Raquel López Doce	Pontevedra	2000
M. <sup>a</sup> Elena Puñal Romarís*	Universidade de Santiago	2001-2022
M. <sup>a</sup> José Thomas Barbén	Pontevedra	2001-2006
Sonia Villasanta Armas	Lugo	2001-2003
Carmen Verde Diego	Universidade de Vigo	2006-2010
Sabela Fernández Lema	Lugo	2007-2013
Carlos Sahuquillo Franco	Pontevedra	2007
Sonia Pérez Iglesias	Pontevedra	2009-2014
Edith Pita Hermida	A Coruña	2009 - 2010
Francisco Xabier Aguiar Fernández*	Universidade de Vigo	2012-2022

Mesa de redacción de *Fervenzas*:

Pepa Vázquez Martínez	Pontevedra	2012-2015
Inés Moreira Brenlla	A Coruña	2014-2019
Ana María Rodríguez González*	Pontevedra	2015-2022
Begoña Sánchez Roura	Lugo	2015-2021
Juan José Labora González	A Coruña	2020-2021
Gabriela Miño Martos	Pontevedra	2020
Diana Escobar Arias*	A Coruña	2021-2022

\* *Nota.* Persoas compoñentes da actual mesa de redacción

**Apéndice 2: Responsables da publicación**

	<b>Números revista</b>	<b>Período</b>
Nacho Crespo López	0, 1, 2, 3	1997-2000
Eladio de Vicente Fernández	4	2001
Eladio de Vicente Fernández e Patricia Blanco Rivero	5	2001
Patricia Blanco Rivero	6, 7, 8,	2002-2005
Sandra Rodríguez Couso	9	2006
M. <sup>a</sup> Isabel Hermida Arias	10, 11, 12, 13	2007-2010
Diana Parada Alvedro	14, 15	2012-2013
Marta Capeáns Outeiro (Presidenta COTSG)	16, 17, 18, 19	2014-2016
Miriam Rodríguez Sierra (Presidenta COTSG)	20, 21, 22, 23, 24	2018-2022





**ARTIGOS PUBLICADOS  
NA *REVISTA GALEGA DE  
TRABALLO SOCIAL*:  
REPOSITORIO DE  
*FERVENZAS***



## **1-Que é o “Repositorio de Fervenzas”**

### **2- Áreas temáticas**

2. 1. Adicións
2. 2. Colectivo LGTBIQ+
2. 3. Colexición, ámbito profesional
2. 4. Comunidade
2. 5. Dependencia
2. 6. Discapacidade
2. 7. Educación
2. 8. Emerxencias
2. 9. Exercicio privado
2. 10. Familia e infancia
2. 11. Inclusión social, exclusión social, pobreza
2. 12. Inserción laboral
2. 13. Maiores
2. 14. Mediación
2. 15. Migracións
2. 16. Minorías étnicas : poboación xitana
2. 17. Mocidade
2. 18. Muller
2. 19. Políticas sociais
2. 20. Protección de datos
2. 21. Saúde
2. 22. Servizos sociais
2. 23. Terceiro sector
2. 24. Traballo social (teoría, ética, metodoloxía...)
2. 25. Vivenda
2. 26. Voluntariado
2. 27. Xustiza



## RELACIÓN DE ARTIGOS PUBLICADOS EN *FERVENZAS*: *REVISTA GALEGA DE TRABALLO SOCIAL* DO NÚMERO 0 (1997) AO NÚMERO 24 (2022)

Mesa de redacción de Fervenzas:

*M<sup>a</sup> Xosé Vázquez Vázquez*

*M<sup>a</sup> Elena Puñal Romarís*

*Francisco Javier Aguiar Fernández*

*Ana María Rodríguez González*

*Diana Morela Escobar Arias*

### 1. QUE É O “REPOSITORIO FERVENZAS”

Dende a Mesa de Redacción presentamos neste traballo o repositorio dos artigos publicados na revista Fervenzas: Revista Galega de Trballo social do Colexio Oficial de Trballo social de Galicia dende o seu número 0, publicado en 1997, ao número 24, publicado en 2022.

Os 206 artigos preséntanse agrupados nun total de vinte sete áreas temáticas, clasificación que pensamos pode ser de utilidade a todas as persoas que se acheguen a esta publicación á hora de documentarse ou procurar artigos dunha temática concreta.

A primeira versión deste repositorio sae á luz neste número especial de Fervenzas en formato artigo. Se ben, as persoas que formamos a Mesa de Redacción, agardamos que en breve, podades dispoñer del en formato dixital a través da páxina web do Colexio, de tal xeito que permita ir incluíndo as futuras publicacións da revista e facilite a busca.

## 2. ÁREAS TEMÁTICAS

Os artigos clasifícanse nun total de 27 áreas temáticas, non excluíntes, podendo atopar artigos encadrados en ata tres áreas distintas; estas á súa vez atópanse ordenadas por orde alfabética para facilitar a súa procura.

- adiccións
- colectivo LGTBIQ: transexualidade
- colexiación, ámbito profesional
- comunidade
- dependencia
- discapacidade
- educación
- emerxencias
- exercicio privado
- familia e infancia
- inclusión social (inclúe exclusión social, pobreza,...)
- inserción laboral
- maiores
- mediación
- migracións
- minorías étnicas
- mocidade
- muller
- políticas sociais
- protección de datos
- saúde

- SS.SS.
- terceiro sector
- traballo social (teoría, ética, metodoloxía...)
- vivenda
- voluntariado
- xustiza

En cada referencia ademais do título do artigo pódese atopar o número da revista no que foi publicado e ano de publicación. Por cuestión de espazo non foi posible incluír o nome das persoas autoras de cada un dos artigos polo que será preciso remitirse á propia publicación para obter ese dato.

Os artigos atópanse a texto completo nos 25 números editados ata o de agora, todos eles en formato papel, e en formato dixital na propia web do COTSG e no portal bibliográfico DIALNET, a partir do número 14 do ano 2012.

## 2.1. ADICCIÓNS

Título	Número	Ano
A intervención social en drogodependencias: A situación do alcoholismo en Galicia	2	1999
Actitudes e percepcións cara o consumo de drogas nos adolescentes de 14 a 18 anos nas comarcas de Noia e Muros	10	2007

## 2.2. COLECTIVO LGTBIQ: TRANSEXUALIDADE

Título	Número	Ano
Aspectos políticos e xurídicos da transexualidade en España, unha ollada desde o Traballo Social	19	2016
A autodeterminación dxs menores trans. Un reto desde o eido social	19	2016
Persoas trans: unha realidade oprimida. Investigación cualitativa en traballo social	24	2022

## 2.3. COLEXIACIÓN, ÁMBITO PROFESIONAL

Título	Número	Ano
Consello Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais	1	1998
As diplomadas en traballo social e asistentes sociais de Galicia: situación e perfil profesional	13	2010

## 2.4. COMUNIDADE

Título	Número	Ano
Unha experiencia de participación. Plan Comunitario Distrito Quinto	0	1997
Estratexias de futuro: viveiro de reflexións innovadoras	6	2001
Os campos de intervención do Traballo Social. Situación e perspectiva	6	2001
Humanización do territorio	6	2001
Encontros "Traballador/a Social: dinamizador/a do medio rural"	6	2001
Os servizos sociais en Galicia. Reflexións dalgunhas protagonistas	14	2012
Redes sociais profesionais	14	2012
Na busca dunha inclusión social compartida. Perspectivas do Traballo Social en grupo	15	2013
Alternativas ao Estado de Benestar: análise das respostas xurdidas nos movementos sociais en Santiago de Compostela	16	2014
Melloras para o rural	18_vol I	2015
Abrindo Portas no Rural (Comarca de Verín, Ourense)	18_vol II	2015
Os problemas sociais desde a acción colectiva (Premio na modalidade de investigación)	18_vol II	2015
Por un mundo rural habitado e habitable. Centro de desenvolvemento rural "O Viso"	21	2019
Achegas sobre o colectivo de persoas xordas para una intervención sociocultural en traballo social	22	2020
Centro ocupacional e de formación para a repoboación estratéxica sostible	23	2021
O coidado das persoas maiores na provincia de Lugo: a pequena escala	24	2022



## 2.5. DEPENDENCIA

Título	Número	Ano
A atención á dependencia, maiores e discapacidade desde os servizos sociais comunitarios do concello da Coruña: un modelo específico de intervención	12	2009
Os servizos sociais en Galicia. Reflexións dalgunhas protagonistas	14	2012
A atención ao paciente inmovilizado no centro de saúde de Ribeira: relación coas axudas do sistema de atención á dependencia	18_vol I	2015
Estudo da evolución da xestión de préstamo de material ortoprotésico no centro de saúde de Cambre 2016-2018 (EOXI A Coruña)	22	2020

## 2.6. DISCAPACIDADE

Título	Número	Ano
Estudio de necesidades da poboación con minusvalía recoñecida (<65 anos) no Concello de Pontecesures	2	1999
Procedemento para o Recoñecemento, Declaración e Cualificación do Grado de Minusvalía	5	2001
Violencia de xénero e discapacidade	11	2008
A atención á dependencia, maiores e discapacidade desde os servizos sociais comunitarios do concello da Coruña: un modelo específico de intervención	12	2009
A valoración social da discapacidade: contexto e metodoloxía para a intervención	12	2009
Ocio inclusivo para persoas con diversidade funcional	16	2014
A atención ao paciente inmovilizado no centro de saúde de Ribeira: relación coas axudas do sistema de atención á dependencia	18_vol I	2015
Identificación a indefensión aprendida como causa da pasividade en persoas con discapacidade	18_vol I	2015
II Xornadas Gastroaccesibles de Lugo (Premio na modalidade de Boas Prácticas)	18_vol II	2015
Estudo da evolución da xestión de préstamo de material ortoprotésico no centro de saúde de Cambre 2016-2018 (EOXI A Coruña)	22	2020

## 2.7. EDUCACION

Título	Número	Ano
Achegas do Traballo Social na intervención con inmigrantes no ámbito educativo: o Plan de Acollida do alumnado procedente do estranxeiro	9	2006
Galia: programa de formación e intervención en vih/sida	12	2009
Nivel formativo familiar e expectativas académicas do alumnado	17	2015
Análise dos factores socioeconómicos dos mozos e mozas máis vulnerables do medio urbano	19	2016
A educación sexual no sistema educativo. Opinión dos/as orientadores/as de centros educativos e educadores/as das vivendas Mentor	20_vol I	2018
Traballo social e discapacidade: a educación e a formación como motor da inclusión sociolaboral das persoas con síndrome de Down	22	2020

## 2.8. EMERXENCIAS

Título	Número	Ano
Aspectos teóricos e prácticos da intervención social en situacións de crise, emerxencia e catástrofe	17	2015
Por que os traballadores sociais en emerxencias? A propósito do accidente de tren en Santiago de Compostela	17	2015
Traballo social en situación de crise, emerxencias e catástrofes	17	2015

## 2.9. EXERCICIO PRIVADO

Título	Número	Ano
0 ditame pericial dos traballadores sociais	8	2005

## 2.10. FAMILIA E INFANCIA

Título	Número	Ano
Informe: adopción internacional	1	1998
O programa de integración familiar da Fundación "Meniños". A aplicación do modelo sistémico no maltrato infantil	5	2001
A nova lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores (lei Orgánica 5/2000)	4	2001
Unha experiencia en mediación familiar: os gabinetes de orientación familiar	8	2005
Menores, non estranxeiros	8	2005
Sintaxe e reflexión na intervención en Protección de Menores	10	2007
Repercusións da violencia de xénero nos nenos e nenas	11	2008
Violencia familiar de fillos a pais	12	2009
A formación en adopción nacional e internacional en Galicia	12	2009
Un achegamento ao cumprimento de medidas xudiciais en internamento terapéutico	12	2009
Fillos maltratadores: vítimas ou culpables?	13	2010
A Comisión Técnica Interinstitucional sobre o Menor. Un proxecto de transversalidade administrativa	14	2012
Nivel formativo familiar e expectativas académicas do alumnado	17	2015
Modalidade investigación: Percepción sobre o Servizo de Menores de Lugo por parte dos profesionais cos que se coordina	18_vol II	2015
Violencia de xénero e menores: situación actual e modificacións lexislativas recentes en España	19	2016
A autodeterminación dxs menores trans. Un reto desde o eido social	19	2016
As condutas disruptivas e as variables sociocognitivas: empatía, autoconcepto e locus de control	20_vol I	2018
Saúde mental en menores tutelados: o papel do traballo social	24	2022

## 2.11. INCLUSIÓN SOCIAL, EXCLUSIÓN SOCIAL, POBREZA

Título	Número	Ano
Os novos xacementos de traballo. Desemprego, Voluntariado e Prestación Social Substitutoria fronte emprego	0	1997
Propostas ó proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de Outubro, de medidas básicas para a inserción social	0	1997
Inserción social: Unha visión desde o Traballo Social	2	1999
A COTIO: Unha estratexia local alternativa para a inserción laboral e social de persoas en exclusión	3	2000
A feminización da pobreza	5	2001
As políticas de inserción. Unha contribución paradoxal á desestabilización do mercado de traballo	6	2001
Reflexións sobre o Cheque Asistencial	5	2001
Arredor da loita contra a pobreza	7	2003
Programa de incorporación personalizado	7	2003
Inmigración e exclusión social	9	2006
A intervención en inclusión social, ferramentas prácticas	12	2009
Unha aproximación ao Traballo Social e ao Dano Cerebral Adquirido	15	2013
Muller en exclusión social severa: estudo sobre percepción, valoración e propostas de mellora	15	2013
Programa integral de seguimento terapéutico en pacientes con risco de exclusión social: experiencia piloto nun centro de atención primaria	15	2013
Na busca dunha inclusión social compartida. Perspectivas do Traballo Social en grupo	15	2013
A tolemia: a súa reclusión, exclusión e submisión social	16	2014
A problemática da exclusión social e do chabolismo. Achega á experiencia profesional	17	2015
Desenvolvemento, pobreza e desemprego en Santiago de Compostela. Cidade de ricos ou cidade de pobres?	17	2015
A supervisión social. Experiencia práctica	17	2015

Acción social e loita contra a pobreza en Galicia	18_vol I	2015
Identificación a indefensión aprendida como causa da pasividade en persoas con discapacidade	18_vol I	2015
O proxecto Inclúe: Innovación para a inclusión Social en Galicia, de Emaús Fundación Social. Maio 2014-setembro 2015	19	2016
A autodeterminación dxs menores trans. Un reto desde o eido social	19	2016
A vivenda social como instrumento de políticas redistributivas de renda	20_vol I	2018
Por un mundo rural habitado e habitable. Centro de desenvolvemento rural "O Viso"	21	2019
A problemática social dos cidadáns cunha enfermidade mental na provincia de Ourense	22	2020
Traballo social e renda básica, unha relación simbiótica	23	2021

## 2.12. INSERCIÓN LABORAL

Título	Número	Ano
Os novos xacementos de traballo. Desemprego, Voluntariado e Prestación Social Substitutoria fronte emprego	0	1997
A COTIO: Unha estratexia local alternativa para a inserción laboral e social de persoas en exclusión	3	2000
Desenvolvemento, pobreza e desemprego en Santiago de Compostela. Cidade de ricos ou cidade de pobres?	17	2015
Traballo social e discapacidade: a educación e a formación como motor da inclusión sociolaboral das persoas con síndrome de Down	22	2020

## 2.13. MAIORES

Título	Número	Ano
A iniciativa Social na atención os/as maiores no medio rural: o comedor social do CDR " O Viso"	3	2000
Reflexións sobre o Cheque Asistencial	5	2001
Violencia de xénero contra as mulleres de 65 e máis anos de idade na Comunidade Autónoma Galega	11	2008

Os servizos sociais para maiores a través dos seus usuarios	13	2010
Rede Paraugas Alzhéimer	20_vol I	2018
Traballo social en Alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas	21	2019
O coidado das persoas maiores na provincia de Lugo: a pequena escala	24	2022

## 2.14. MEDIACIÓN

Título	Número	Ano
Unha experiencia en mediación familiar: os gabinetes de orientación familiar	8	2005
Mediación intercultural para a resolución de conflitos no ámbito sociosanitario	23	2021

## 2.15. MIGRACIÓNS

Título	Número	Ano
A inmigración feminina: especial referencia ás mulleres procedentes do Magreb en Arteixo	9	2006
Achegamento psico-social á poboación inmigrante dende o Traballo Social	9	2006
A integración dos inmigrantes, achegamento a un programa e directrices para a intervención	9	2006
Achegas do Traballo Social na intervención con inmigrantes no ámbito educativo: o Plan de Acollida do alumnado procedente do estranxeiro	9	2006
A inmigración estranxeira en Galicia: fontes estatísticas, perfil socio-demográfico, mercado laboral e percepcións desta nova realidade social	9	2006
As pateiras do asfalto. Algunhas consideracións sobre os xitanos rumanos en España	9	2006
Modelos de integración social de inmigrantes en Galiza: o exemplo da comunidade cabo-verdiana da Mariña	9	2006

Fontes documentais sobre inmigración	9	2006
Inmigración e exclusión social	9	2006
Fontes documentais sobre inmigración	9	2006
Barreiras e dificultades no acceso á asistencia sanitaria da poboación inmigrante, antes e despois do RD-Ley 16/2012. O caso do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO)	15	2013
Relatos de mulleres inmigrantes musulmás: análise do proceso migratorio a través das súas propias subxectividades	21	2019
CiberRespect, cultivando una paisaxe dixital de respecto	21	2019
Mediación intercultural para a resolución de conflitos no ámbito sociosanitario	23	2021

## 2.16. MINORÍAS ÉTNICAS : POBOACIÓN XITANA

Título	Número	Ano
Estudio de perspectivas de futuro do grupo "Jovenes Flamencas"	6	2001
As pateiras do asfalto. Algunhas consideracións sobre os xitanos rumanos en España	9	2006

## 2.17. MOCIDADE

Título	Número	Ano
Estudio de perspectivas de futuro do grupo "Jovenes Flamencas"	6	2001
Actitudes e percepcións cara o consumo de drogas nos adolescentes de 14 a 18 anos nas comarcas de Noia e Muros	10	2007
Nivel formativo familiar e expectativas académicas do alumnado	17	2015
Análise dos factores socioeconómicos dos mozos e mozas máis vulnerables do medio urbano	19	2016

## 2.18. MULLER

Título	Número	Ano
Rede de acollemento a mulleres vítimas de malos tratos na comunidade autónoma galega. Niveles de atención e reflexións.	3	2000
A muller rural no Concello de Touro: pequeno achegamento ó seu perfil básico	4	2001
Discriminación sexista e pensións non contributivas	6	2001
A feminización da pobreza	5	2001
Estudio de perspectivas de futuro do grupo "Jovenes Flamencas"	6	2001
A inmigración feminina: especial referencia ás mulleres procedentes do Magreb en Arteixo	9	2006
Reflexións en torno ao V Plan De Igualdade — e de cando eramos unhas poucas	10	2007
As coordenadas sociais da violencia contra as mulleres	11	2008
Servizos sociais e violencia de xénero abordaxe legislativa do problema	11	2008
Pautas para a detección e valoración de situacións de violencia de xénero	11	2008
Intervención social coas vítimas de violencia de xénero	11	2008
Abordaxe da violencia de xénero no ámbito sanitario	11	2008
O que non se ve detrás da violencia de xénero	11	2008
Repercusións da violencia de xénero nos nenos e nenas	11	2008
Violencia de xénero e discapacidade	11	2008
Violencia de xénero contra as mulleres de 65 e máis anos de idade na Comunidade Autónoma Galega	11	2008
Muller en exclusión social severa: estudo sobre percepción, valoración e propostas de mellora	15	2013
Violencia de xénero e menores: situación actual e modificacións legislativas recentes en España	19	2016
Relatos de mulleres inmigrantes musulmás: análise do proceso migratorio a través das súas propias subxectividades	21	2019
Violencia de xénero: efectos na saúde das mulleres. Análise e atención profesional	23	2021



## 2.19. POLÍTICAS SOCIAIS

Título	Número	Ano
Proposta do colexio pola defensa dun sistema público de protección social	0	1997
Propostas ó proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de Outubro, de medidas básicas para a inserción social	0	1997
Discriminación sexista e pensións non contributivas	6	2001
As políticas de inserción. Unha contribución paradoxal á desestabilización do mercado de traballo	6	2001
O campo da acción social á luz dos cambios estruturais e dos contextos institucionais	7	2003
Arredor da loita contra a pobreza	7	2003
Reflexións en torno ao V Plan De Igualdade — e de cando eramos unhas poucas	10	2007
Renda Básica: a xustificación ética dende a teoría da liberdade real e a teoría republicana	16	2014
Servizos Sociais Comunitarios: recortes, crise e morte do Plan Concertado	16	2014
Melloras para o rural	18_vol I	2015
Aspectos políticos e xurídicos da transexualidade en España, unha ollada desde o Traballo Social	19	2016
A vivenda social como instrumento de políticas redistributivas de renda	20_vol I	2018
Crise e precarización da vida. Sobre a descomposición do estado de benestar	21	2019
A problemática social dos cidadáns cunha enfermidade mental na provincia de Ourense	22	2020

## 2.20. PROTECCIÓN DE DATOS

Título	Número	Ano
Deberes de confidencialidade e identidade do Traballo Social	6	2001
A protección de datos persoais na lexislación española: a LOPD	7	2003
A protección de datos, a confidencialidade e o segredo profesional nos servizos sociais dende unha perspectiva ética	7	2003
Protección de datos e redes sociais	13	2010
A coordinación en servizos sociais e a protección de datos	16	2014

## 2.21. SAÚDE

Título	Número	Ano
Traballo social hospitalario. A experiencia do Complexo Hospitalario "Juan Canalejo"	0	1997
Informe: o traballo social psiquiátrico nun contexto de cambio	1	1998
O papel do Traballador Social na Atención Tempera	2	1999
Proxecto de intervención social no Programa Galego de prevención e control da tuberculose	3	2000
Estudio do uso dos métodos anticonceptivos na poboación xitana de Maside e O Carballiño	3	2000
O traballo Social na atención primaria de saúde e a súa relación cos servizos sociais Municipais	4	2001
Consello Social nun caso de embarazo non desexado	4	2001
Consecuencias sociais das drogas nos usuarios da Unidade Asistencial de drogodependencias de Carballo	4	2001
Rexistro Mensual de traballo asistencial para o Traballo Social Hospitalario	4	2001
Problemática Social dos pacientes con cancer de larinxe	5	2001
Coordinación entre servizos Sociais de atención primaria e sistema de saúde	4	2001
Coordinación entre Traballadores Sociais de Concellos-Traballadores Sociais do sistema sanitario. Reflexións dende a atención Primaria de saúde	4	2001
¡Marchando unha de coordinación!	4	2001
Programa de incorporación personalizado	7	2003
Protocolo: Educación sociosanitaria para inmigrantes	8	2005
Un exemplo de intervención nos embarazos de risco: protocolo de seguimento de embarazos en toxicómanas a tratamento na UAD e dos neonatos	8	2005
Estudo descritivo dos abortos solicitados no ano 2006 no centro de orientación familiar (COF) Nóvoa Santos de Ourense	10	2007
Actitudes e percepcións cara o consumo de drogas nos adolescentes de 14 a 18 anos nas comarcas de Noia e Muros	10	2007
Abordaxe da violencia de xénero no ámbito sanitario	11	2008
Galia: programa de formación e intervención en vih/sida	12	2009
O saber na tolemia: invitación á reflexión	13	2010

Perfil dos pacientes: diferenzas de xénero	14	2012
Anacos de vida nun sanatorio. Os primeiros doentes do psiquiátrico Cabaleiro Goás	14	2012
A prevención das lesións e da violencia desde unha perspectiva multidisciplinar	14	2012
Unha aproximación ao Traballo Social e ao Dano Cerebral Adquirido	15	2013
Programa integral de seguemento terapéutico en pacientes con risco de exclusión social: experiencia piloto nun centro de atención primaria	15	2013
Barreiras e dificultades no acceso á asistencia sanitaria da poboación inmigrante, antes e despois do RD-Ley 16/2012. O caso do Complexo Hospitalario de Ourense (CHUO)	15	2013
A tolemia: a súa reclusión, exclusión e sumisión social	16	2014
O alzhéimer e outras demencias como ámbito de intervención social dende o traballo social, na provincia de Pontevedra	17	2015
O traballo social sanitario en atención primaria de saúde en Reino Unido e España	18_vol I	2015
A evolución da percepción social dos trastornos da conduta alimentaria, e da imaxe, do estudantado de traballo social da Universidade de Santiago (USC) e a súa influencia na práctica profesional	18_vol II	2015
A atención ao paciente inmobilizado no centro de saúde de Ribeira: relación coas axudas do sistema de atención á dependencia	18_vol I	2015
A acumulación domiciliaria: síntoma, significativo e modo de proceder	19	2016
A educación sexual no sistema educativo. Opinión dos/as orientadores/as de centros educativos e educadores/as das vivendas Mentor	20_vol I	2018
O traballo social no sistema público de saúde. Situación, avances e retos	20_vol II	2018
Protocolo de notificación dende as unidades de traballo social da EOXI de Lugo, Cervo e Monforte, ante posibles situacións de desprotección infantil	20_vol II	2018
O valor engadido do traballo social na unidade de coidados paliativos do complexo hospitalario universitario de A Coruña - Hospital de Oza	20_vol II	2018

A intervención con grupos de apoio socioterapéuticos dirixidos a cuidadores/as de persoas dependentes dende a atención primaria de saúde	20_vol II	2018
Cooperación público-privado dende o traballo social no sistema de saúde. "Construindo pontes, derrubando muros"	20_vol II	2018
A protección de datos para as/os profesionais do traballo social. A protección de datos e as novas ferramentas	20_vol II	2018
Traballo social e rexistro de actividade no IANUS	20_vol II	2018
Coordinación socio-sanitaria. Mesa de atención a persoas sen fogar. Inclusión social-saúde mental	20_vol II	2018
Traballo social en rede no barrio de Fontiñas	20_vol II	2018
Servizo de traballo social do CHUS: "Programa informático de detección de risco social ao ingreso"	20_vol II	2018
Comunicacións II Xornadas de traballo social de saúde: Conclusións	20_vol II	2018
Funcións e tarefas do/a profesional do traballo social nun servizo de atención primaria de saúde. Análise, valoración e propostas de mellora da praxe en traballo social	21	2019
perfil social do paciente con agudización grave de enfermidade pulmonar obstrutiva crónica (EPOC)	21	2019
Traballo social en alzhéimer e outras demencias neurodexenerativas	21	2019
Criterios de risco sociosanitario asociados á claudicación familiar e/ou angustia ante a alta hospitalaria na unidade de cuidados paliativos do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña (CHUAC)	22	2020
Protocolo de intervención social no servizo de urxencias no complexo hospitalario universitario de A Coruña (CHUAC)	22	2020
Traballo social e discapacidade: a educación e a formación como motor da inclusión sociolaboral das persoas con síndrome de Down	22	2020
A problemática social dos cidadáns cunha enfermidade mental na provincia de Ourense	22	2020
Estudo da evolución da xestión de préstamo de material ortoprotésico no centro de saúde de Cambre 2016-2018 (E0XI A Coruña)	22	2020
Violencia de xénero: efectos na saúde das mulleres. Análise e	23	2021

atención profesional		
Mediación intercultural para a resolución de conflitos no ámbito sociosanitario	23	2021
Unha aproximación á intervención do traballo social sanitario no período perinatal. Propostas de aplicación práctica para servizos de saúde	24	2022
Saúde mental en menores tutelados: o papel do traballo social	24	2022

## 2.2.2. SERVIZOS SOCIAIS

Título	Número	Ano
Conclusións da 3ª Escola de Verán de Servizos Sociais. "Servizos Públicos e Privados: Obxectivo o usuario"	0	1997
Proposta do colexio pola defensa dun sistema público de protección social	0	1997
Propostas ó proxecto de Lei polo que se modifica a Lei 9/1991, do 2 de Outubro, de medidas básicas para a inserción social	0	1997
Claves da organización: o equipo humano do centro de servizos sociais	1	1998
¿Matiass...? ¿Quen é Matiass? (Manual de Traballo, Información e Asesoramento en Servizos Sociais)	2	1999
Servizos sociais no medio rural galego: Reto de futuro para unha intervención dos SS.SS. de Atención Primaria no desenvolvemento local	2	1999
Coordinación entre servizos Sociais de atención primaria e sistema de saúde	4	2001
Coordinación entre Traballadores Sociais de Concellos- Traballadores Sociais do sistema sanitario. Reflexións dende a atención Primaria de saúde	4	2001
¡Marchando unha de coordinación!	4	2001
Reflexións sobre o Cheque Asistencial	5	2001
Análise dos servizos sociais de Atención Primaria en Galicia	5	2001
Estudio das condicións dos beneficiarios/as do servizo de axuda no fogar do ámbito rural da mancomunidade de Concellos de O Carballiño	5	2001
O traballo Social na atención primaria de saúde e a súa relación cos servizos sociais Municipais	4	2001
O Matiass	4	2001
A muller rural no Concello de Touro: pequeno achegamento ó	4	2001

seu perfil básico		
Estratexias de futuro: viveiro de reflexións innovadoras	6	2001
Os campos de intervención do Traballo Social. Situación e perspectiva	6	2001
Humanización do territorio	6	2001
Encontros "Traballador/a Social: dinamizador/a do medio rural	6	2001
Novas respostas dos servizos sociais de base a novas necesidades, problemáticas e usuarios	7	2003
Orzamento en servizos sociais, clave de xestión	7	2003
A protección de datos, a confidencialidade e o segredo profesional nos servizos sociais dende unha perspectiva ética	7	2003
Os Servizos Sociais en Galicia do presente ó futuro	10	2007
Servizos sociais e violencia de xénero abordaxe legislativa do problema	11	2008
A atención á dependencia, maiores e discapacidade desde os servizos sociais comunitarios do concello da A Coruña: un modelo específico de intervención	12	2009
Os servizos sociais para maiores a través dos seus usuarios	13	2010
Os servizos sociais en Galicia. Reflexións dalgunhas protagonistas	14	2012
Servizos Sociais Comunitarios: recortes, crise e morte do Plan Concertado	16	2014
A coordinación en servizos sociais e a protección de datos	16	2014
Satisfacción das usuarias e usuarios do Manual de traballo, información e asesoramento en servizos sociais (MATIASS)	17	2015
Imaxinario das traballadoras sociais do concello de Santiago de Compostela. Unha análise cualitativa dende a perspectiva de xénero	22	2020
É o servizo de axuda no fogar un servizo de limpeza encuberto?	22	2020
O sistema público de servizos sociais perante a terceira vaga da pandemia: desafíos e retos	23	2021
Calidade da vida laboral nos servizos sociais e prevención de riscos laborais	23	2021
Traballo social e renda básica, unha relación simbiótica	23	2021
Necesidades sociais da poboación da zona rural norte. Visión dende o traballo social	24	2022
Servizo de atención psicosocial urxente covid-19	24	2022

## 2.23. TERCEIRO SECTOR

Título	Número	Ano
O alzhéimer e outras demencias como ámbito de intervención social dende o traballo social, na provincia de Pontevedra	17	2015

## 2.24. TRABALLO SOCIAL (TEORÍA, ÉTICA, METODOLOXÍA...)

Título	Número	Ano
Reflexións: Ética e Traballo Social	1	1998
O Matiass	4	2001
A perspectiva cualitativa na investigación no Traballo Social e nos Servicios Sociais	5	2001
A protección de datos, a confidencialidade e o segredo profesional nos servizos sociais dende unha perspectiva ética	7	2003
Traballo Social e desafíos ético-políticos no Brasil	13	2010
Reflexións sobre a importancia da planificación no traballo social. Experiencia profesional	13	2010
¿Por qué é importante adherirnos a un estilo bibliográfico?: O Manual da APA	14	2012
Redacción científica aplicada ao traballo social	18_vol I	2015
A resiliencia nas situacións de crise: unha nova visión	18_vol I	2015
Arte e intervención social: unha revisión bibliográfica	18_vol II	2015
Análise do pensamento crítico do estudiantado de traballo social	19	2016
As revisións bibliográficas en traballo social	20_vol I	2018
O practicum do alumnado de traballo social en servizos sanitarios: investigación empírica e proposta para unha guía específica	20_vol I	2018
Anunciando e denunciando a construción de cidadanía dende o traballo social. Unha proposta para o diálogo	21	2019
A ética e o traballo social	23	2021
Modelo de intervención en traballo social empático-emocional desde unha mirada sentí-pensante	23	2021
Traballo social e poder, unha aproximación foucaultiana	23	2021

## 2.25. VIVENDA

Título	Número	Ano
A problemática da exclusión social e do chabolismo. Achega á experiencia profesional	17	2015
A vivenda social como instrumento de políticas redistributivas de renda	20_vol I	2018
O coidado das persoas maiores na provincia de Lugo: a pequena escala	24	2022

## 2.26. VOLUNTARIADO

Título	Número	Ano
Os novos xacementos de traballo. Desemprego, Voluntariado e Prestación Social Substitutoria fronte emprego	0	1997
Plan do voluntariado de Galicia 2002-2005	6	2001
Reflexións en torno o anteproxecto da lei galega de voluntariado	8	2005
O Voluntariado en Galicia despois do Prestige	10	2007
Ideas para a xestión do voluntariado en entidades	13	2010
Rede Lucense de voluntariado "Enredando tecido social"	19	2016

## 2.27. XUSTIZA

Título	Número	Ano
A nova lei orgánica reguladora da responsabilidade penal dos menores (Lei Orgánica 5/2000)	4	2001
A Fundación Galega para a Tutela de Adultos	5	2001
O ditame pericial dos traballadores sociais	8	2005
Peritación social na Administración de Xustiza	10	2007
Un achegamento ao cumprimento de medidas xudiciais en internamento terapéutico	12	2009
Fillos maltratadores: vítimas ou culpables?	13	2010
O Traballo Social Forense	15	2013



RELACIÓN DE ARTIGOS PUBLICADOS EN *FERVENZAS*

A atención socioeducativa a menores infractores, dúas realidades lonxanas con perfís cercanos: Brasil e España	22	2020
As expresións teóricas do traballo social forense e as novas posibilidades da intervención social en e desde a xustiza de menores en España	24	2022



**ESPAZO ABERTO.  
CARA A UN MODELO DE  
SERVIZOS SOCIAIS PARA O  
S.XXI, QUE DEFENDE O  
TRABALLO SOCIAL**

**Ana María Vilar Varela**



## ESPAZO ABERTO. CARA A UN MODELO DE SERVIZOS SOCIAIS PARA O S.XXI, QUE DEFENDE O TRABALLO SOCIAL

Ana María Vilar Varela

O traballo social nas últimas décadas liderou e colaborou activamente na construción do denominado sistema público de SS.SS. entendendo que este daría resposta ás necesidades sociais da poboación en condicións de calidade e calidez.

As/os que tivemos a sorte de vivir ese nacemento e impulso do sistema público, iniciado a finais dos anos 80, viviamos a profesión tan intensamente que considerabamos que a relación de axuda era un elemento clave na intervención social, e que as prestacións técnicas e a intervención do profesional, era un recurso en si mesmo.

Tecemos unha rede de recursos, servizos e programas desde o traballo en equipo e onde o nacemento doutros sistemas como o SAAD, acompañaron o proceso para configurar un catálogo de prestacións e recursos, que desen resposta ás necesidades das persoas, no que denominabamos Estado de benestar social.

Fomos testemuñas de como o sistema público de servizos sociais non crecía ao mesmo nivel que o facían outros sistemas de protección social, e como, en moitas ocasións, era subsidiario deles, con graves desigualdades territoriais. Nin sequera a estas alturas temos unha lei de ámbito estatal en materia de servizos sociais que defina, cubra e garanta uns mínimos de atención e que recoñeza o dereito aos servizos sociais como un dereito subxectivo de a cidadanía, aínda que, é certo, que a data de hoxe está en proceso o seu debate parlamentario.

Nese contexto de construción do sistema público de servizos sociais, de ilusión por contribuír a unha sociedade mellor con acceso de igualdade de oportunidades para todas as persoas coas que traballamos, abandonamos nosa propia identidade profesional e a nosa esencia. A nosa praxe diríxese a atender *versus* resolver, con recursos e servizos fundamentalmente de natureza económica e paliativa. As

necesidades das persoas, identifíquense ou non como necesidades de carácter social, eran abordadas desde o sistema público de servizos sociais. As prestacións, instrumentos de intervención social, convertéronse nun fin en si mesmas, e primábase a atención individual fronte á grupal ou comunitaria. Todo iso terminou deslexitimando o proceso de intervención social e o traballo social comunitario e preventivo, quedou na sombra, e foi relegado fronte á atención individual emerxente, prestacional, e asumindo o ben protexible doutros sistemas de protección social.

En todo ese vórtice non reflexionamos nin lles esiximos ás administracións, nin tampouco a outros sistemas de protección social, que asumisen a súa responsabilidade para resolver as necesidades que o sistema de servizos sociais configurou como da súa competencia. Así os/as traballadores/as sociais convertémonos en meros dispensadores de recursos, amortecedores doutros sistemas e a nosa profesión foise aos poucos devaliando, perdendo a súa identidade, a súa esencia, onde a Administración terminounos outorgando o papel de xestores/as de prestacións, e a cidadanía identifícanos como tal, xerando un vínculo de dependencia social totalmente perverso.

A todo iso súmase a formulación das organizacións e administracións, cun modelo de atención clientelista, constrinxido, despersonalizado, atomizado e estigmatizado de atención, onde a prevención, a promoción e a autonomía das persoas, grupos ou comunidades queda totalmente relegado. Lonxe de contribuír a recuperar a misión dos servizos sociais que era a promoción da convivencia, das persoas coa súa contorna e o traballo coas comunidades, dirixímonos case exclusivamente a atender a pobreza e a limitarnos a tramitar axudas, as cales crecen exponencialmente con enfoque asistencialista para cubrir necesidades vinculadas ao aloxamento, a apoios socio-sanitarios, formativos, laborais, educacionais etc. Produciuse unha perversión importante do enfoque real dos dereitos, onde **o dereito é á prestación non á abordaxe integral da persoa**.

Coa pandemia visibilizamos as carencias estruturais dun sistema público xa moi debilitado. A pesar de ser declarados servizos esenciais, vímonos sometidos a unha presión asistencial e ao colapso, derivado da inactividade doutros sistemas e da cobertura de necesidades que non nos corresponden. Os dezasete sistemas autonómicos de servizos sociais abordaron a cobertura de gastos en bens e servizos básicos, e manifestáronse as fallas na acción preventiva, convivencial, comunitaria e, máis que nunca, fíxose evidente o valor do apoio social e comunitario.

Todo iso contribúe a que nos situemos ante uns e unhas profesionais cunha gran perda de identidade, desmotivados/as, afectados e con sufrimento pola violencia institucional á que se atopan sometidos/as e onde as súas funcións principais como o acompañamento social, a mediación e a intervención social desprázanse cara a unha

atención residual, reclamando o sentido da nosa profesión, que non é onde a organización/administración nos encadra: a xestión prestacional.

Durante a miña traxectoria profesional dentro da estrutura colexial, desde o Colexio de Traballo Social de Galicia e desde o Consello Xeral de Traballo Social, tiven a oportunidade de participar na elaboración e defensa do **Modelo de Servizos Sociais** que ampara a nosa profesión, modelo que o Consello Xeral de Traballo Social, xunto á rede colexial, vén impulsando desde ano 2016 e que é o resultado do espazo de debate e reflexión de moitos/as compañeiros/as. Este modelo **de Servizos Sociais** xorde pola propia demanda da profesión que reclama a recuperación do sentido da nosa identidade profesional, espazo ao que debemos reorientar a nosa esencia, canalizando ao sistema cara ao seu verdadeiro ben protexible. A profesión reordenarase cando o seu obxecto se céntrase na interacción da persoa coa súa contorna e cunha abordaxe integral.

O **Modelo de Servizos Sociais** contextualiza o ben protexible do sistema como a

*promoción e protección da convivencia e interaccións significativas nas contornas familiares, comunitarios e sociais, imprescindibles para garantir o adecuado desenvolvemento persoal, emocional e social ao longo do ciclo vital da existencia humana, favorecendo a autonomía social, a protección e a inclusión social, mediante a xeración de bens relacionais e a provisión de apoio social. (Consejo General de Trabajo social, 2022).*

Con todo, e en consecuencia, correspóndelle fundamentalmente á atención primaria/comunitaria/básica recuperar o seu obxecto, dando un xiro importante cara á súa reconversión, e non tanto á atención secundaria/especializada debido a que esta perdeu en menor grao as súas cotas de esencia ou identidade.

Segundo esta proposta, os servizos sociais orientaranse á protección e á promoción, deixando a ocupación doutros bens protexibles ao sistema de protección social que lle corresponda. Esta orientación permitirá reorganizar os procesos e os servizos dunha forma máis eficiente, coa cota de calidez e calidade que nunca debemos abandonar e onde a atención se centre na persoa, nas comunidades e nos grupos.

Xunto ao marco de referencia que achega o **Modelo de Servizos Sociais** propónse unha carteira de prestacións, de servizos, de carácter técnico, fundamentalmente, e onde ao diagnóstico social outórgaselle máis valor que nunca, avogando polo papel central que debe desenvolver como fío condutor do modelo, defendendo así mesmo, unha linguaxe común dentro do sistema público

de servizos sociais, cun sistema de clasificación de diagnóstico propio e consensuado, que resulte de aplicación en todo o territorio.

Somos conscientes, como estrutura colexial, do gran reto que isto supón debido a que a redefinición do sistema non é insignificante, pero estamos convencidos/as de que a nosa función como motores de cambio é máis necesaria que nunca, que debemos acompañar as persoas e as comunidades nunha sociedade cada día máis complexa e con tendencia clara cara ao individualismo. Debemos avogar por uns servizos sociais que realmente respondan ás necesidades sociais da cidadanía, especializando, formando os e as profesionais, con espazos de supervisión e de coidado e recuperando o acompañamento, para que como traballadores/as sociais sigamos mantendo vivo o sentimento de pertenza, de orgullo e de motivación desta nosa profesión.

Referencias:

Consejo General del Trabajo Social (2022) *Modelo del Sistema Público de Servicios Sociales que defiende el trabajo social.*

<https://www.cgtrabajosocial.es/publicaciones/modelo-del-sistema-publico-de-servicios-sociales-que-defiende-el-trabajo-social/123/view>.





